





*Contos de  
fantasmas  
no museo*

*Relatos do Museo Provincial de Lugo*

# Cantos de fantasmas no museo

1.ª edición: outubro de 2016

© dos textos  
Leticia Costas  
Anxo Fariña  
Andrea Maceiras  
Carlos Negro

© das ilustracións  
Noemí López

© da edición  
Servizo de Publicacións.  
Deputación de Lugo  
Museo Provincial de Lugo

ISBN: 978-84-8192-534-0  
Depósito legal: LU 187-2016

Este libro forma parte do material didáctico  
para a actividade denominada  
*Rutas literarias no Museo Provincial.*  
**Queda prohibida a súa venda.**

Reservados todos os dereitos. O contido  
desta obra está protexido pola Lei, que  
prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou  
comunicación pública, en todo ou en parte,  
dunha obra literaria, artística ou científica,  
ou a súa transformación, interpretación ou  
execución artística fixada en calquera tipo de  
soporte ou comunicada a través de calquera  
medio, sen a preceptiva autorización.

## Textos

Leticia Costas  
Anxo Fariña  
Andrea Maceiras  
Carlos Negro

## Ilustracións

Noemí López

Edición a cargo de Antonio Reigosa



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Publicacións



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

# Presentación

Desde o Departamento de Didáctica da Rede Museística da Deputación de Lugo dámoslle continuidade con esta publicación a un proxecto de carácter didáctico e literario dirixido ao profesorado e alumnado de Ensino Secundario. Trátase do terceiro libro que, como os anteriores, contén textos e ilustracións, escritos e debuxados por recoñecidos creadores de literatura infantil e xuvenil en lingua galega. A singularidade é que o que se narra, a ficción, sucede nas salas do MPLugo.

A través da lectura destes textos, o alumnado achegarase ao MPLugo para seguir o desenvolvemento da acción e as pegadas dos personaxes que os protagonizan ou, dito doutra maneira, para gozar do museo co estímulo da imaxinación.

Unha mestura de literatura e museo denominada *Rutas literarias polo museo*, unha proposta orixinal e, no seu día, novidosa arredor dos textos dos libros precedentes e agora deste *Contos de fantasmas no museo*.

Os resultados desta experiencia foron e seguen sendo avaliados moi positivamente polo profesorado como polo alumnado participante. Aulas procedentes de toda a xeografía galega achéganse cada curso ao MPLugo atraídos por esta proposta que acumula tantos anos de rodaxe.

Con eses obxectivos e cos mesmos propósitos dámoslle a benvida a esta nova publicación, a terceira da serie comezada no ano 2003 con *Contos do museo*, con textos de Xosé Miranda,

Paco Martín, Xabier P. DoCampo e Agustín Fernández Paz, e as ilustracións de Xoán Balboa, Alejandro Carro, Miguel A. Macía e Paco Pestana. Seguiulle o volume titulado *Contos de medo no museo*, con textos de Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Xosé A. Neira Cruz e Antonio Reigosa e ilustracións de Javier Huerga García, e agora saudamos este *Contos de fantasmas no museo* no que achegan textos Leticia Costas, Anxo Fariña, Andrea Maceiras e Carlos Negro, con imaxes de Noemí López.

A todas e todos moitas grazas por participar neste proxecto tan fantástico pois, como sucedeu no pasado, estamos seguros de que este é un bo guieiro para achegar museos e ensino con proveito para ambos os espazos educativos.

**Pilar García Porto**

Deputada delegada da Área  
de Cultura da Deputación de Lugo

A actividade denominada *Rutas literarias polo museo* figura nos programas escolares do departamento de Didáctica do MPLugo desde o ano 2003 e, desde entón, ininterrompidamente, vén repetíndose a proposta pois é moita a demanda que suscita.

Naquela primeira edición, o libro de relatos que editamos levaba por título *Contos do museo* e a este seguiulle en anos posteriores outro libro baixo o título *Contos de medo no Museo* e, agora, doce anos despois, propoñemos un novo volume que chamamos *Contos de fantasmas no Museo*. Tres títulos que agochan doce relatos, asinados por escritoras e escritores moi recoñecidos e que suceden sempre dentro das salas do Museo Provincial de Lugo.

A intención de orixe era procurar combinar lieteratura e museo, lingua e patrimonio material e inmaterial dunha maneira lúdica e ao tempo proveitosa, especialmente pensada e dirixida ao profesorado e alumnado do Ensino Secundario.

Co tempo, superando en moito as nosas previsións, as nosas expectativas foron colmadas. O profesorado e alumnado que se sumou á proposta foi, ano tras ano, en aumento. A fórmula, en resumo, tivo éxito.

Desde os museos integrados na Rede Museística da Deputación de Lugo sempre procuramos comunicarnos da mellor maneira posible coa sociedade que é quen, en definitiva, creou e sostén a institución. Os museos non son compartimentos illados, senón necesariamente conectados coa

contorna e as actividades que propoñemos, especialmente as dirixidas ao mundo do ensino, teñen tamén esa intención, a de ser ponte de diálogo entre todas as creacións culturais.

Desde a Rede Museística da Deputación de Lugo celebramos a chegada deste novo libro con textos de Leticia Costas, Anxo Fariña, Andrea Macerías e Carlos Negro, ilustrado por Noemí López; catro relatos que, estamos convencidos, van provocar nos lectores e lectoras sensacións inesquecibles. Sabemos que os museos son casas onde se garda a memoria pero tamén son, ou poden ser, espazos para imaxinar a historia, tanto a pasada, como a presente e incluso a futura. A literatura é a arte que amalgama esa experiencia.

Fermosos relatos e maravillosas ilustracións que chegan para quedar na memoria deste museo e de todas e todos os que se acheguen con intención de coñecelo.

**Encarnación Lago González**

Xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo



# *Rutas literarias polo museo*

Desde o Departamento de Didáctica do MPLugo e, en xeral, desde os distintos departamentos didácticos dos outros museos da Rede Museística sempre tentamos interrelacionar as diferentes formas de creación cultural. A literatura préstase especialmente como vehículo onde amalgamar arte e historia para, dunha maneira atractiva, achegar coñecementos e emocións.

A positiva experiencia que nos achega a posta en práctica, nestes anos pasados, desta actividade anímanos a seguir experimentando con novos textos e novas situacións, novas ficcións para construír novas realidades na imaxinativa dos adolescentes. Unha fórmula efectiva porque, en palabras dos propios mozos e mozas, lles permite actuar autonomamente con criterios propios, sen intermediación esaxerada nin do seu profesorado, nin dos guías do museo.

Os cinco creadores que se suman a este proxecto coa edición deste libro, o terceiro da serie “Contos do Museo”, foron seleccionados por seren na actualidade autores e autores que gozan de moito recoñecemento entre o alumnado e o profesorado de Ensino Secundario. As súas obras son recomendadas para a lectura nos centros escolares galegos e están sendo recoñecidos cos principais premios que se convocan de literatura infanto-xuvenil. A eles e elas, o noso agradecemento por colaborar neste proxecto.

As catro rutas previstas que se van desenvolver no MPLugo derivan dos relatos que lles dan orixe e son:

A *Ruta do carneiro alado* ten como referente o conto *A maldición do carneiro alado* de Leticia Costas, unha desacougante aventura protagonizada pola adolescente Abril que se perde dentro dun cadro. Unha vítima da maldición que habita no interior do MPLugo.

A *Ruta de Minos* inspírase no relato *A esperanza do Maldito* de Anxo Fariña, unha historia que nos retrotrae no tempo desde o MPLugo ata o Olimpo dos deuses do mundo clásico: Zeus, Antíope, Afrodita, Dédalo, Pasífae e Minos, o monstro namorado.

A *Ruta do astrágalo* ten como eixe o relato *Astrágalo* de Andrea Maceiras. Un xogo fantástico que mestura unha *tabula lusoria* de época romana cun computador actual: Un gaña, un vive, un perde, un morre.

A *Ruta do paxaro* ten como guía o conto *O paxaro na gaiola* de Carlos Negro. Unha hábil metáfora que trata os conflitos da adolescencia, especialmente o do acoso sexista.

Noemí López, a ilustradora lucense, iluminou con fermosísimos debuxos todos estes relatos que suceden no MPLugo e que agardamos sirvan para que o voso paso por este museo sexa por sempre unha lembranza pracenteira.


Departamento de Didáctica  
do Museo Provincial de Lugo



# *A maldición do carneiro alado*

Autora:  
*Ledicia Costas*  
Ilustracións:  
*Noemí López*



A decorative graphic consisting of several overlapping, flowing, light purple or grey swirls that originate from the left side of the page and curve towards the right, partially framing the first paragraph of text.

Existen lugares onde o pasado e o presente conviven en absoluta harmonía. Murallas romanas que se erguen contundentes no medio do casco urbano dunha cidade, dando conta dun tempo moi afastado. Castelos que desde a súa posición privilexiada alá, no alto, xogan con nós, facéndonos crer por un momento que un día calquera, o tempo decidiu deterse no século XVII, negándose a avanzar. Existen lugares máxicos, onde os encantamentos, os seres míticos e os espíritos do alén maniféstanse de cando en vez, só para lembrarnos que hai cousas que escapan a toda explicación. Hai sucesos dignos de recordar, acontecementos que os máis vellos do lugar comentan polo baixo unha tarde, cando o luscofusco empezou a tinguir o ceo de sombras e as ánimas se preparan para vagar entre os vivos.

O relato que vou narrar a continuación pretende deixar constancia duns feitos que non parecen propios deste século. Como se certos fenómenos só se considerasen posibles no pasado, cando as cidades non eran máis que pequenos proxectos. As palabras voan co vento, enrédanse na brisa e provocan que as historias muden de forma. Porén, aquilo que se escribe, garante que se transmita de xeito puro, sen interferencias. E velaquí estou, disposta a darlle vida a este arrepiante suceso.

Todo comezou coa desaparición de Abril, unha rapaza de Lugo de ollos grandes, cunha curiosidade

directamente proporcional as súas ganas de voar e comer o mundo. Había máis de 24 horas que non sabían dela na casa. A súa nai telefonara a todos os seus amigos, aos hospitais, á policía, ao instituto. Chamara a todas partes, mais ninguén sabía do paradiro da rapaza. As autoridades pedíranlle calma. Debían agardar aínda unhas horas máis, dixéranlle que era moi cedo para actuar. Pero como pode unha nai tranquilizarse cando non sabe nada da súa filla? Cando leva horas chamándoa por teléfono sen que conteste, ela que xamais se separa dese aparello infernal! Por iso, porque xa non aguantaba máis de brazos cruzados, tomou a determinación de entrar no cuarto de Abril e empezou a remexer entre as súas cousas, aínda sabendo que estaba a se inmiscir na intimidade da rapaza. Mais iso, naquel momento, era secundario. A muller tiña un mal presentimento. Por iso, cando atopou aquel diario no caixón do escritorio, nin sequera dubidou. Coas mans tremelicantes e o corazón encollido, sentou na cama da rapaza, pediulle perdón para os seus adentros polo que estaba a piques de facer, abriuno e empezou a ler

Do diario de Abril. 20 de outubro de 2015.

Sempre me pareceu unha parvada escribir cousas nun diario. A xente que se dedica a anotar todo o que lle pasa paréceme que non pensa coa cabeza. Por varias razóns. A primeira é que se alguén atopa o diario, estás perdida. Só de pensar que calquera poida coñecer as miñas cousas, saber das miñas intimidades, éntrame

unha cousa polo corpo. Morrería da vergoña! E outra porque iso de falarlle a un libro con follas en branco resúltame bastante patético. Eu prefiro as persoas. Poder contarlle as miñas preocupacións a unha amiga ou á miña nai, que sempre o entende todo. Mais disto non podo falar con ninguén. Nin sequera con Martiño ou Ague. Eles dous son os meus mellores amigos. Formamos un equipo. Un equipo de verdade. Somos compañeiros de clase desde o primeiro curso do instituto. Desde aquela clase de lingua na que nos tocou sentar xuntos, xa non nos separamos nunca. E malia que ás veces discutimos porque somos bastante diferentes, sempre atopamos o xeito de amañalo. O único fallo, a única fisura que ten a nosa relación, é que Martiño está namorado de Ague. E tanto ten que el intente disimular. Hai cousas que se notan, que son imposibles de agochar. Eu nunca llo dixen a ningún deles, pero temo que iso poida estragalo todo algún día. Vaites! Estoume enleando de mala maneira. Eu non empecei este diario para falar de Ague e Miguel nin das cousas que nos pasan no día a día. Para a miña desgraza, empeceino porque necesito botar fóra isto que levo dentro e que non son quen de falar con ninguén. Non sei nin por onde empezar. Talvez se explico como me sinto consiga soltalo todo. Ben, alá vou:

Chámome Abril e teño medo. Estáras preguntándote por que (vou dirixirme a ti, diario, como

se foses unha persoa. Coido que así vai serme moito máis sinxelo continuar). Todo empezou hai dous días. No instituto organizaron unha actividade que consistía nunha visita guiada ao Museo Provincial de Lugo. As instrucións que nos deron eran que nos dividíssemos en grupos e escollésemos unha obra pictórica das moitas que hai no museo. A partir da obra elixida, debíamos facer un traballo de investigación sobre o pintor. Aínda que nun principio o plan parecíame un auténtico aburrimento, o certo é que cando o guía do museo nos conduciu ata as salas onde están todos os cadros, quedei como hipnotizada. Pensei ían ser os típicos bodegóns que me resultan tan pouco interesantes, as típicas estampas que non din nada, retratos descafeinados de persoas que me son completamente alleas. Mais o que atopei alí deixoume alucinada. Non sucedeu con todos os cadros, mais si con moitos deles. Era como se as persoas alí retratadas estivesen tratando de contar unha historia prohibida. Como se os seus ollos tivesen vida máis alá do lenzo. Podería nomear varias obras que me causaron esa impresión. De feito, o que sentín alí foi tan intenso que saquei o meu móbil da mochila e empecei a facer fotos. Agora mesmo estou repasando varias desas imaxes e volvo notar os mesmos arrepiós que cando entrei na sala. Sucédeme co cadro titulado *O enterro de San Froilán*, do pintor Jesús Rodríguez Corredoira. Non sei cal dos personaxes é o que me provoca

este desacougo. Talvez sexa a figura masculina situada á esquerda da obra, que semella ter un só corpo do que saen dúas cabezas. Lémbreme a aqueles seres deformes que actuaban nos espectáculos circenses hai ben de anos, e semellaban vinganzas da natureza. Persoas condenadas á marxinação, que sería mellor que non tivesen pisado este mundo. Ou quizais o que me pon a carne de galiña sexa ese rapaz que na súa man esquerda sostén unha caveira con pelo e cuncas enormes, que está situada no centro da composición, e coa esquerda enmarca unha figura misteriosa, que parece pertencer a outra dimensión. Tamén estoutra que está aquí, a dereita de todo, unha nena que pide silencio cos ollos a piques de romper en bágoas, me provoca un profundo malestar. E agora que me fixo con máis detemento, a carón desa meniña hai dúas figuras encapuchadas, que en lugar de caras semellan ter máscaras. E por se isto fose pouco, todos eles están diante dun cadáver! Pregúntome como é posible que o instituto nos levase a ver obras desta clase. Vale, xa sei que non somos nenos, que somos persoas adultas, pero eu non estaba preparada para o que vivín nese lugar do demo.

A nai de Abril parou de ler un instante. Necesitaba un respiro antes de continuar coa lectura. A anguria oprimíalle o peito, retorcíase como un fato de serpes negras. Que era o que lle sucedera á súa filla? Presentía que o contido

daquelas follas ía revelarlle datos que non sabía se estaba preparada para asimilar. Mais non había tempo que perder. Debía atopar o antes posible algunha pista sobre o paradoiro da súa filla. Agora mesmo, aquel diario era o único que tiña. Respirou profundamente e continuou.

Despois de contemplar *O enterro de San Froilán*, foi coma se en cada un dos cadros daquelas salas atopase algo escuro. Sucedeume co *Retrato da nena M<sup>a</sup> Victoria de Ron y Pascual*, unha representación dunha meniña aparentemente inocente, que está ao pé dunha fiestra e na súa man dereita sostén un paxaro. Onde Miguel e Ague vían unha inocente rapaza, eu non podía evitar enxergar algo escuro e funesto.

—Pero é que non vedes ese vestido negro coa cruz vermella e esa mirada? —díxenlles—. Hai algo maligno nela. Semella que en calquera momento a súa expresión vai mudar de súpeto. Parece como se estivese desexando aprexar a man dereita con todas as súas forzas ata esmagar ao paxaro —insistín.

Eles miráronme coma se algún cable estivese a facer cortocircuíto na miña cabeza. —Abril, atópaste ben? —preguntoume Ague—. Nese cadro non hai nada. Tan só unha rapaza que sostén un ave.

Mais o que a min me transmitía aquela figura infantil era outra cousa ben distinta. De verdade que fixen todo o posible por afastar da miña mente os pensamentos escuros e seguir o relato

daquel guía tan amable que nos ía explicando distintos aspectos sobre as obras. Pero o certo era que, a aquelas alturas, non era quen de atender ás súas palabras.

O feito decisivo, o que provocou que eu decidise contarcho todo, diario, foi o que aconteceu diante dunha obra titulada *Nenos con cabra*. Necesito respirar moi profundo antes de continuar. Agora é cando todo se precipita, cando a historia se volve máis e máis turbia.

—Mira ese neno como sostén o corniño da cabra —comentou Martiño—. Semella que está dándolle *ghas* a unha moto!

Coas palabras de Martiño, Ague empezou a rir tan forte que a nosa profesora lle chamou á atención. Mais eu non lle atopei a graza. En canto fixei a vista no lenzo, sentín o medo rubindo polas miñas pernas. Volvinme pequena perante o relato que se agochaba detrás deses cativos. O cadro estaba ambientado nunha especie de pradaría onde varias cabras pastaban nun segundo plano. Pero o que a min me provocou fortes palpitacións foi o que sucedía no plano máis próximo. O pintor retratara a dous nenos. Un deles, aquel co que fixera broma Martiño, agarraba coa súa man esquerda o corno dunha cabra e coa dereita suxeitaba o pelo que medraba no pescozo do animal. Axiña caín na conta de que aquel neno non era un neno normal. Había algo estraño na súa expresión. As fazulas gordechadas e encarnadas

non lograban disimular o que transmitía a súa mirada perdida e lixeiramente estrábica. Era como se non pertencese a este mundo. Como se estivese extraviado nas tebras. Quizais se tratase dun neno con algún tipo de deficiencia. Entón detíveme a observar á outra figura. Era un rapaz algo maior. Na man dereita levaba un pau longo e delgado e a esquerda mantiña a apoiada no aire, como se o pintor se esquecese de retratar o animal que debía repousar baixo a súa palma. Pero non foi ese animal ausente o que me fixo estremecer. O que provocou que cambalease foron os seus ollos. Prométoche que non estou esaxerando. Prométoche que sentín que detrás desa mirada estaba o mismísimo díaño. Eu, que nunca crin en ningunha desas andrómenas, non me preguntes por que, nese instante souben que algo maléfico pairaba sobre min. Invadíume unha angustia de tal calibre que, de súpeto, souben que tiña que marchar daquel lugar. Xúroche, diario, que nin sequera o pensei. E foi por iso que botei a correr e entrei na primeira porta que atopei, unha de madeira, de dobre folla, que estaba nun dos corredores que daba acceso ás salas e que tiña pendurado un letreiro azul que advertía: “Acceso Restrxido”. Non me detiveron nin esas palabras nin tampouco a silueta branca cunha liña vermella que a cruzaba en diagonal, e que trataba de deixar ben claro que non estaba permitido o acceso ao interior desa sala. Quero



que me comprendas: non podía continuar alí de ningunha das maneiras! Necesitaba fuxir aínda que só fose un momento do influxo de todos eses cadros.

A nai de Abril afogaba. Percibira que, a medida que avanzaba o relato da súa filla, a súa letra se volvera máis irregular. Como se tivese présa por contar todo o que lle sucedera. Como se temese non dar rematado a historia. “Onde estás filla?”, preguntou en voz alta. Ninguén contestou. Un silencio frío e mesto deulle unha labazada, provocando que a súa tensión aumentase. A muller encheuse de valor, agarrou o diario con forza e proseguíu a lectura.

Agarrei o manubrio da porta temendo que puidese estar pechada, pero abriuse de par en par. Por un momento respirei aliviada. Por fin podería tranquilizarme, buscar acougo sen ter sobre min o influxo daqueles cadros. Pero ese pensamento durou apenas unha milésima de segundo. Non podes imaxinar o que había ao outro lado da porta. Ninguén pode imaxinalo. De feito, nas horas seguintes cheguei a pensar que todo fora un soño. Que aquilo non pasara. Pero a realidade é rotunda. Sucedeu, agora seino. Este estado no que me atopo é a proba. Oxalá lle tivese feito caso ao letreiro que advertía que o acceso a ese lugar estaba restrinxido! Agora é tarde para lamentacións. Sei que te estás preguntando que foi o que atopei detrás desa porta. Non vou demorarme máis, temo que case

non me quede tempo. Sinto cóxegas a rebuldir nas puntas dos meus dedos e as pernas fállanme por momentos.

Como dicía, a porta non era unha porta normal. Daba a unha extensa pradaría onde un rabaño de cabras pacía tranquilamente na herba. Á esquerda, dous nenos fitaban cara min. Un deles, máis pequeno e de mirada perdida e estrábica, coa súa man esquerda sostíña o corno dunha cabra. O outro tiña o mesmísimo diaño no ollar. Naquel momento, ao tomar conciencia de quen eran aqueles cativos, quixen dar media volta e volver saír por esa porta pola que nunca debín entrar. Pero como sempre sucede nestes casos (ou polo menos así acontece nas películas de medo e nas novelas fantásticas que tanto me gusta ler), a porta xa non estaba. Non sei canto tempo permanecín no interior daquel cadro. Nin sequera sei se realmente estaba no cadro, ou se aquilo era unha especie de recreación fantástica. O que si podo asegurar é que, nos minutos seguintes, presenciei unha imaxe terrible, que xamais conseguirei afastar da miña cabeza. Había unha clara diferenza entre o cadro e a escena que naquel intre tiña diante de min e que semellaba tan auténtica: o neno de mirada diabólica non tiña a man dereita no aire, senón que permanecía con ela apoiada sobre o lombo dun imponente carneiro. Acariñábao mantendo os ollos fixos en min. Sentín como se me perforase coas pupilas. Como se me

atravesase o peito ata dar coa miña alma e logo apretase nela ata espremela e deixala baleira. Quixen botar a correr, fuxir de alí canto antes, mais as pernas non me responderon. “Socorro!”, precisaba berrar. Pero tampouco a miña lingua reaccionou. Tiña os músculos paralizados.

Daquela é cando aconteceu a cousa máis sinistra que eu xamais vin, algo para o que non estaba preparada. O carneiro que repousaba baixo a man do neno de mirada endiañada, xirouse ata colocar a súa cabeza na dirección daqueles rapaces e abriu a boca. Non tiña dentes, nin enxivas, nin lingua. Era un burato negro. Un pozo escuro que inmediatamente souben que albergaba o mal. O animal inflouse de aire e soltouno todo pola boca disparando á cara dos nenos. A continuación, o rapaz de mirada endiañada abriu a boca igual ca unha besta, como fixera o carneiro apenas uns segundos antes, e mostroume os seus dentes. Eran negros como o petróleo, como a feluxe, como a pezoña. Eran negros como a noite máis longa de todos os tempos. A seguir, deulle unha trabada ao carneiro no pescozo cos seus dentes contaminados. O animal retorcese nunha postura imposible, mentres chiaba igual ca un porco na matanza. Imaxes terribles acudiron á miña mente: un home colgado dun gancho metálico que lle atravesaba o pescozo, unha casa ardendo en lapas cunha familia dentro, un can devorando ao seu dono... *Deus, se existes dime que significa todo isto*, pensei, aterrorizada.

A continuación, o carneiro botou a correr a toda velocidade, fuxindo do contacto do rapaz, que tiña todo o queixo manchado de sangue. O animal pasou pola miña beira. Ía tan rápido que semellaba voar sobre a herba. Por un momento pensei que ía arremeter contra min, que na súa carreira desenfundada ía levarme por diante. Pero non sucedeu iso. O que pasou foi que saltou pola mesma porta que eu acababa de entrar. Velaí estaba de novo! Sen perder un segundo, corrín detrás do bicho, coa frialdade suficiente para razoar que, se deixaba escapar esa oportunidade, talvez tivese que quedar naquela pradaría maldita para sempre. Antes de saír dirixinlle unha derradeira mirada a aqueles dous nenos do inferno. Os dous abriron ben as bocas para mostrarme os seus dentes pezoñentos por derradeira vez. Algo frío apoderouse de min naquel instante. Mais o peor estaba aínda por chegar.

—Filla! —chamou por ela a súa nai, sen disimular o desacougo que lle provocaba a lectura daquel relato aterrador.

A muller rompeu a chorar. Deixouse ir e as bagoas escorregáronlle polas fazulas mollando a súa desesperación. Sentía que a cada minuto que pasaba, máis lonxe estaba Abril.

—Teño que atopar á miña filla —bisbou convencida.

Cando pechei a porta tras de min e volví ao museo, o que acababa de vivir semellaba irreal.



Coma se nunca acontecese e fose produto dun soño ou da miña imaxinación. No interior do edificio todo seguía no mesmo lugar: a voz do guía explicando a procedencia de certas pezas de bronce moi antigas, a rapazada aquí e alá, algúns pendentos das palabras do guía e outros enredando polas salas contiguas. E diante de min, estaban Ague e Martiño, fitándome con curiosidade.

—De onde saes con esa cara de susto? —preguntoume el—. Nin que viras ao demo!

Eu non contestei. Que podía dicirlles? Que acababa de saír do interior dun dos cadros que o guía nos mostrara había tan só uns minutos? Que aqueles nenos e mais un carneiro invisíbel (ou polo menos invisíbel no cadro) tiñan a pezoña dentro? Pensarían que estaba desvariando. Que toleara por completo.

—E esa porta? —interveu Ague sinalando o cartel que advertía do acceso restrinxido—. Onde estiveches, Abril? Perdémoste de vista uns minutos e ala, marchas de expedición sen nós.

—Necesitaba tomar un pouco o aire —dixen por dicir algo.

—E para tomar o aire entras nunha sala con acceso restrinxido? —retrucou Martiño—. Ti andas con algo entre mans e quixeches deixarnos fóra. Que pasa, que te meteches nesa sala con aquel e non queres que o saibamos? —preguntou sinalando cara Pablo, un rapaz do instituto que me caía especialmente ben.

“Se ti soubeses”, pensei. Pero non o dixen.

Limiteime a poñer cara de “non digas parvadas” e fun directa ao guía, facendo coma se me interesasen moitísimo as súas explicacións.

—E agora toca visitar a derradeira sala —anunciou o guía—. Alí onde está unha das pezas máis prezadas do noso museo.

O home conduciunos ao interior dunha sala con seguridade reforzada. As paredes estaban pintadas de negro. Había distintas vitrinas, mais ningunha delas chamou á miña atención. O que provocou que me fallasen as pernas foi que á entrada da estancia, no interior dunha furna cilíndrica e colocada enriba dunha base de metacrilato, había unha peza de ouro que conservaban coma se fose unha alfaia de valor incalculable. Lin o que poñía no carteliño: *“Carneiro alado de Ribadeo. Peza inspirada na ourivería seliúcida. Ouro.”*

Mentres o guía explicaba que aquel carneiro con ás levaba no museo desde abril do ano 1976 e informaba de que era a máis extraordinaria e enigmática peza que posuían, eu non podía deixar de mirar a súa boca, completamente negra e aberta, coa cabeza lixeiramente inclinada cara atrás e a pata esquerda algo levantada, como se estivese a piques de elevarse no interior da furna. O home continuaba contando con toda a súa vontade que no museo ignoraban a filiación cultural e as circunstancias do achado de semellante obra de arte. Pensaban que fora atopada ao dragar a ría de Ribadeo no ano 1945 e que, posteriormente, fora adquirida por un

tal Álvaro Gil Varela, aínda que non estaban seguros de que esa información fose absolutamente certa.

—Non podemos establecer de xeito totalmente fidedigno o seu contexto arqueolóxico. E o certo é que iso sería de moita axuda para clarificar a súa procedencia e cronoloxía. Como vedes, a peza está toda decorada con granulado e filigranas que imitan a la —proseguiu o home, que falaba con tanto entusiasmo que lograba contaxiar a todos aqueles que o escoitaban—. É fantástica. Realizada en ouro, pesa 50 gramos e mide 6,5 cm. de alto e outro tanto de longo. Foron varios especialistas os que estudaron esta figura, coa intención de explicar a súa orixe. Está considerada unha figura única.

Fitei a cara e a boca aberta do carneiro nun aceno deliberado, querendo mostrar a escuridade do seu interior, e sóubeno. Non tiven ningunha dúbida de que ese era o carneiro que fuxira do cadro. Daquela, xuro que vin como o animal se enchía de aire e logo o botaba discretamente pola boca, directo a min. E malia que todo ese aire rebotou contra as paredes da furna de cristal onde estaba fechado, sentínome invadida pola pezoña. Foi unha especie de aire que me entrou no corpo e que, desde aquel preciso intre, quedou instalado no meu interior. Todo empezou a dar voltas ao meu arredor a moita velocidade. O seguinte que lembro é á miña profesora agachada ao meu carón, sosténdome a cabeza cunha man e coa outra poñendo baixo o

meu nariz un algodón enchoupado en alcol.

Á nai de Abril, a aquelas alturas o corazón golpeáballe o peito sen compaixón, como se quixera furarlle a caixa torácica. Había só tres días, a muller tivera que saír do traballo a media mañá para recoller á súa filla no Museo Provincial. A profesora chamáara por teléfono para contarlle que sufrira un esvaecemento. “Debeu ser unha forte baixada de tensión”, dixéralle. Mais agora, despois de ler as páxinas do diario, sabía que non fora unha baixada de tensión. Agora sabía que detrás daquel episodio agochábase algo terrible que tiña que resolver canto antes se quería dar co paradiro da súa filla.

Os días que seguiron aos acontecementos sucedidos durante a visita ao museo foron moi estraños. Por un lado non deixaba de revivir unha e outra vez o que me pasou alí. E por outro, empecei a notar que algo estaba mudando dentro de min. E non me refiro só a ese formigo que proe permanentemente nas extremidades, nin a esa esta sensación de levidade que sinto no corpo desde entón. Vai máis alá. É como se eu xa non fose deste mundo. Como se iniciase un camiño cara outra dimensión.

Agora mesmo son as tres e media da tarde. Hai uns minutos, xusto despois de xantar, fun lavar os dentes e descubrín que tiña varias moas completamente negras. Sei que non é unha casualidade. Que a pezoña está a estenderse polo meu corpo como antes se estendeu polo

corpo deses cativos que viven no interior do cadro. Tamén sei que o único xeito de poñerlle freo, se que existe algunha maneira de deter isto, é regresando a aquel lugar onde todo comezou. É por iso que decidín escribir neste diario que Ague e Martiño me agasallaron polo meu último aniversario. Por se non regreso do museo. Mamá, supoño que serás ti quen o atope, remexendo entre as miñas cousas. Se é así, non vaías ao museo pola túa conta. Prégooche que non o fagas. O mal que alí habita supera as nosas fronteiras. Se cadra, podes mostrarlle isto que escribín ao guía. El sabe moito de cousas ocultas. De encantamentos, de lendas e contos. De monstros, cocos e diaños. Talvez poida orientarte. E agora chegou o momento de despedirme. Agardo poder volver a casa, queimar estas páxinas que acabo de escribir e esquecelo todo. Poder seguir coa miña vida e pasar moito tempo contigo e cos avós. Xa empezo a botarvos de menos.

Quérevos moito, Abril.

A nai non tivo nin un só segundo de dúbida. O que acababa de ler semellaba tan verdadeiro, había tanta sinceridade nas palabras da súa filla, que meteu o diario no seu bolso, colleu as chaves do coche e marchou directa ao museo conducindo como se a levase o demo.

Unha vez no edificio, preguntou polo guía que se encargara de coordinar as visitas do instituto de secundaria onde estudaba Abril.



—Síntoo, pero Antonio ten horario só de mañá. Se cadra pode volver noutro momento, entre as nove e as tres da tarde —díxolle a traballadora que a atendeu na entrada, unha muller con aspecto sibilino.

—Non podoo agardar —insistiu a nai, tratando de disimular o seu nerviosismo—. Necesito falar con el agora.

—Pero nestes momentos el non se atopa aquí —explicoulle aquela muller, á que non lle pasara desapercibido o desacougo da nai—. Mire, o que podoo facer é deixarlle recado. Se me dá o seu número de teléfono dígolle que a chame en canto poida.

—Vostede non está comprendendo —rosmou mentres negaba coa cabeza—. Necesito falar con ese home neste mesmo intre. Non podoo deixarlle recado, nin volver mañá. É unha urxencia, entende?

—Agarde un minuto. Vou chamalo ao móbil, a ver se o dou localizado —cedeu por fin a traballadora, algo amolada pola insistencia daquela muller.

Saíu de detrás do mostrador e entrou por unha porta lateral, onde estaban as oficinas. Tardou uns minutos en volver. Minutos que á nai de Abril se lle fixeron interminables.

—Síntoo, pero Antonio non contesta ao teléfono. Cando vexa a chamada é probable que ma devolva. Se quere agardar aquí...

A nai de Abril, ao ver que non tiña outra alternativa, abriu o bolso e sacou o diario,

sen pensar en que ía entregarlle en bandexa a unha descoñecida a única proba que revelaba paradoiro da súa filla.

—Teño que pedirlle un favor. Necesito que mañá a primeira hora lle dea isto a Antonio. É moi moi importante. Poderá facelo? —preguntoulle.

—Conte con iso —asegurou a traballadora cunha retranca que a nai de Abril non percibiu.

Mentres pronunciaba esas palabras, a muller estirou un brazo para coller o diario, non sen certa ansiedade. Pero o atisbo foi tan leve, que a nai de Abril nin sequera caeu na conta.

—E agora, podería indicarme onde se atopa un cadro titulado *Nenos con cabra*? Gustaríame velo.

—Claro. Está no segundo andar.

—Grazas. E non se esqueza de entregarlle o diario a Antonio. É de vital importancia! —insistiu a nai botando a andar cara o interior do museo.

—Non me esquecerei —rosmou a traballadora polo baixo, cun estraño brillo nos ollos.

A nai de Abril subiu as escaleiras cun nó apertándolle a gorxa. *Tranquila, filla, xa estou aquí*, dixo polo baixo cando lle quedaban só un par de chanzos. Mais o certo era que pronunciara esas palabras para tratar de aliviar o seu propio nerviosismo. Ignoraba o que ía atopar naquel lugar. Non podía alcanzar a comprender a dimensión daquilo ao que se enfrontaba.

Cando estivo diante do cadro que buscaba, aquel que a súa filla describira con tanto detalle,

levou unha gran decepción. Por un momento chegara a pensar que atoparía a Abril xunto a aqueles dous nenos, debuxada sobre o lenzo, sentada na herba ou nun plano máis afastado, onde as cabras que pacían tranquilamente. *Son unha parva. Que cousas teño*, pensou. Nin sequera percibiu todas aquelas cousas malignas que Abril describira ao referirse ao cadro. *Sería todo unha broma? Unha especie de xogo? Ás veces os adolescentes fan ese tipo de cousas*. E daquela, mentres trataba de convencerse de que todo fora unha invención de Abril, talvez simplemente para chamar á atención, percorreuna un arrepío que a fixo revolverse. Non soubo identificar que fora o que llo causara, pero as súas pernas empezaron a tremer de xeito involuntario e invadiuna un frío moi intenso. Saíu da sala despois de facer o sinal da cruz, xesto que non reproducía desde había ben de anos, posto que non era crente, pero nese momento saíulle por instinto, imitando aquel aceno que a súa avoa repetía cada vez que saía pola porta da casa. Na súa intención de afastarse canto antes daquel cadro e daquel misterioso influxo, nin sequera se decatou de que os ollos da súa filla estaban a moverse desde o cadro no que estaba atrapada. Un que se atopaba naquela mesma sala e no que a muller nin sequera reparara. Estaba tan convencida de que ía atopala no outro, no dos nenos, que non se lle pasou pola cabeza examinar o resto das obras. E alí estaba Abril, ou polo menos o que quedaba dela, seguindo todos os movementos da súa nai.

*Só me queda unha saída*, bisbou entón a muller, sabendo que de emprender ese camiño talvez estivese sentenciando o seu futuro. Mais era a vida da súa filla a que estaba en xogo. O que ela ignoraba, quizais porque non se detivo a analizar co suficiente detalle as palabras que Abril deixara escritas no diario, era que xa non se trataba da mesma nena que levara no ventre. Aquela que educara e coidara durante catorce anos. Agora, igual que os rapaces do cadro das cabras, Abril tiña a pezoña dentro. De feito, cando puxo os pés no interior do museo por segunda vez, todos e cada un dos seus dentes eran xa negros como o petróleo. Dúas ringleiras de pezas contaminadas.

A nai camiñou ata unha porta que identificara nada máis chegar ao segundo andar, pero que preferira pasar de longo sen nin sequera deterse, na súa fixación por contemplar o cadro. Alí estaba o cartel que advertía do acceso restrinxido. A muller tomou aire e abriu a porta sen vacilar. Diante dela, a só un paso, estaba unha inmensa pradaría onde pacía un rabaño de cabras. E sentados a uns poucos metros eles dous, aqueles nenos que a miraban fixamente desde a negrura máis infinita, e mais o carneiro. A muller entrou e foi directa a eles con paso decidido, disposta a enfrontarse ao que fose necesario. Mentres, Abril esbozaba un sorriso retorto e maléfico no interior do lenzo no que agora habitaba, coa súa cara deformada pola pezoña. E no andar inferior, sen que ninguén

o soubese, a traballadora que atendera á nai de Abril había apenas uns minutos, dispoñíase a destruír canto antes aquel diario que daba conta do mal que habita no interior do Museo Provincial. Un mal que ten centos de anos e que retorce o corazón das persoas ata volvelas seres escuros e desapiadados. Un mal que as condena para sempre.

# *La esperanza do maldito*


Autor:

*Anxo Fariña*

Ilustracións:

*Noemí López*





O mozo ergueu a cabeza e contemplou con aqueles ollos escuros cheos de paixón á esvelta figura da moza recortada contra o ceo nocturno. Os ollos dela, verdes coma o xade, escintilaban por mor das bágoas que lle escorregaban polas meixelas. Porén, paradoxalmente, o seu xesto era ríxido, frío, imperturbable. Unha actitude forxada a golpe de intensos e duros adestramentos. O seu corpo estilizado non tremía, non dubidaba, e o seus esculpídos brazos soportaban a tensión do arco de marfil con absoluta precisión.

O obxectivo, a presa, era el. Deitado a uns pasos dela, a súa posición ofrecía un branco fácil, como se a mantenta pretendese asegurar que aquela frecha lle atravesase o corazón.

Non tiña escapatoria, xa non, porque a súa única opción de supervivencia sería matar á moza, e iso, non o faría nunca. Prefería morrer antes que vela sufrir baixo a presión das súas poderosas mans... Non! El non era ese, non era esa besta. Ou si o era? As dúbidas non tiñan sentido neste momento. El non pedira aquilo, non pedira ser un dos Malditos. Pero así era, non había volta. A súa liñaxe mandaba, o sangue non mentía, e o seu actual aspecto tampouco. Durante moitos anos nin el mesmo fora consciente de quen era en realidade, e deste xeito, puidera escapar do que lle estaba designado por lei. Poida que sempre sospeitara que existía algo diferente nel, mais nunca imaxinou que a realidade podía ser tan cruel, e o destino tan implacable. Logo, cando soubo a verdade, mentiu, ocultou a



todos quen era. Non por facerlles mal, senón por tentar evadirse do que lle correspondía, por vivir un pouco máis da felicidade que lle aportaba estar entre os Benditos. Mais a culpa non lle deixara durmir neste último ano. A culpa de non revelarlle a ela a verdade. Antíope, a afouta Antíope. Non lle dixera nada por medo, e grazas a isto vivira a mellor época da súa vida. Mentiu. Mentiu porque desexaba fuxir do seu destino, mentiu porque ansiaba outra existencia chea de oportunidades, mentiu porque a quería.

Antíope tensou un pouco máis a corda e a súa cara non sufriu cambio ningún. A luz da lúa que atravesaba o claustro reflectiuse na afiada punta da frecha de prata.

-Por que, Minos? -murmurou ela-. Por que?

O periplo de Minos comezara moi lonxe de alí, e foi o destino o que o levou ata o claustro daquel museo para loitar pola súa vida. Porque el non pertencía a este mundo. El pertencía a outro, parecido na superficie, pero diferente no fondo. O Monte Olimpo era a súa morada, un lugar ancorado no tempo e no espazo que noutro tempo tivera estreita relación coa Terra e que agora seguía o seu propio camiño.

A fuxida do mozo comezara unha hora antes de cumprir os dezaseis anos, ante a deusa máis fermosa do universo.

-Onde pensas ir, Minos? -preguntou ela cunha voz que soou como o tintinar das gotas de chuvia sobre a pedra.

El, aínda conturbado pola presenza da muller, respondeu case cun murmuro.

-Miña dona Afrodita... Eu, eu, non sei... Pero lonxe, lonxe de aquí.

A muller achegouse a el, e o mozo notou o arrecendo a rosas e a lavanda que desprendían os seus cabelos dourados.

-Que inxenuo es! -exclamou ela cun adorable sorriso nos beizos mentres lle pasaba a man pola caluga-. Acaso cres que te van a aceptar noutro lugar? O teu estigma, que xa comeza a agromar, pronto será tan evidente que non o poderás ocultar.

Minos pasou unha man pola cara. A deusa tiña razón, pronto non existiría ningunha dúbida de que el era un dos Malditos. Por ese mesmo motivo a súa présa era maior. Non quería que Antíope puidese velo así baixo ningún pretexto.

-Pode que teñas razón, pero prefiro marchar. Calquera lugar é preferible a quedar aquí.

Afrodita mirouno cunha expresión que el non soubo interpretar.

-Aquí, entre os Malditos, tes o teu sitio. Eles aceptarante tal e como es. É a túa xente.

-A miña xente...

-Pénsao. Estás seguro de que queres marchar? Non hai volta para esta decisión.

Minos meditou as palabras daquela deusa cuxa soa presenza bastaba para desencadear unha guerra por conseguir os seus favores. Nin sequera era capaz de comprender como a súa nai

fora quen de convencela para que intercedera por el.

-Si -murmurou Minos.

-Como dis?

-Si! -repetiu con seguridade.

Afrodita sorriu e mirou en fite a ollada decidida do mozo. Este tremeu. Se ela quixese, se ese fose o se desexo, podería lograr que el ficase namorado para sempre só cunha ollada coma esa.

-Iso xa me agrada máis.

-Non podería quedarme -engadiu Minos cun suspiro-. Pode que teñas razón, e que aquí, entre os Malditos, atopase un oco para min. Mais non sería suficiente, porque despois de probar o doce sabor da liberdade, viviría nunha perpetua agonía.

-Alí onde vaias terás liberdade, si, pero tamén estarás só. Temerante e odiarante polo que vas ser. Ten que existir outro motivo para que queiras marchar.

Minos baixou a cabeza avergoñado porque os seus sentimentos fosen tan accesibles. Ela volveu acariñarlle a cabeza, por alí por onde a pelaxe de besta comezaba a substituír ao cabelo.

-Dime, Minos, cal é o teu verdadeiro motivo?

A voz da deusa soou desta volta coma se un milleiro de arpas fosen tocadas á vez nunha hipnótica e melancólica harmonía.

-Cal é o seu nome? -insistiu ela.

-Pero como podes saber...?

-O arrecendo dos teus sentimentos é tan intenso, e a enerxía dos teus ollos tan desbordante, que é imposible non decatarse de que estás namorado.

-Non quero que ela vexa en que me transformo -afirmou Minos con pesadume-. Prefiro que pense que morrín antes que descubra a verdade.

Afrodita separouse un pouco del e adoptou un ton grave.

-Entendo o teu razoamento, mais non o comparto. O amor non ten barreiras.

-Non tes por que compartir nada! -retrucou Minos irado-. Aínda que ela aceptase o meu novo ser, cousa imposible, os deuses nunca aceptarían tal relación. Unha Bendita cun Maldito? Os dous sufriríamos os máis terribles castigos e separaríannos para sempre. Non. Prefiro marchar.

Afrodita sorriu e mirouno con compaixón.

-O teu corazón é puro, e as túas razóns tamén. De non ser así, o portal nunca se abriría para ti.

A deusa comezou a andar e acenoulle a Minos para que o seguise ao interior do templo. O edificio estaba baleiro, e o mozo puido escoitar os seus propios pasos polo brillante mármore gris azulado do chan, xa que a muller que o acompañaba non facía ruído ningún. Foron avanzando ata o lugar onde remataba o edificio, e pararon fronte a unha parede cuberta por enredadeiras que, a un xesto de Afrodita,

separáronse e deixaron ver unha porta de metal azul coma o ceo do luscofusco.

-Se abro esta porta -dixo a deusa-, non poderás volver.

Minos tragou saliva e deu un paso adiante con decisión. Estaba atemorizado, pero a crenza en que facía o correcto, dáballe azos para continuar.

Entón a porta abriu sen que ninguén a tocase e, no seu interior, en lugar dunha sala, o mozo puido ollar unha nebulosa morada. Minos seguiu á deusa por entre as nubes, camiñando amodo por aquel chan, que non era un chan. Nun punto determinado, Afrodita detivo o paso, colleu un alfinete dos que lle suxeitaban o tocado, e picou con el a Minos nunha man extraéndolle unha pinga de sangue. A continuación sacudiu o alfinete, e a pinga estrelouse contra a parede nebulosa. Ao contacto dos dous elementos, as nubes viraron a súa cor, escurecendo ata volverse negras, conformando unha zona máis escura e convulsa.

-Unha última cuestión, miña deusa -dubidou Minos.

-Dime.

-Podo resultar insolente, pero é tan inexplicable que unha deusa queira axudar a un Maldito, que non o podo crer.

A deusa sorriu.

-Aínda que non o creas, non todos os deuses estamos de acordo con este sistema de castas, e

algúns, mesmo pensamos en xeitos de cambialo. Mais non é fácil derrubar ideas e crenzas arraigadas desde hai tanto tempo. Eu non perdo a esperanza de que algún día este soño poda facerse realidade. Polo que a ti che atinxe, digamos que non son quen de resistirme ao arrecendo dun mozo namorado e as súas súplicas.

-Grazas -dixo Minos dando un paso cara o burato negro.

-Espera -engadiu a deusa-. Hai algo que debes saber.

-Si?

-Perseguirante.

Minos ficou mudo.

-En canto saiban que cruzaches o portal, e saberano, irán detrás túa. Enviarán ao mellor cazador na túa procura. Non deixarán que ninguén escape do Olimpo. Levamos séculos aquí recluídos e es ti o primeiro que cruza a liña.

-Ninguén pode escapar ao seu destino...

-Mentiches sobre o teu sangue, moceaches con quen non debías, e fuxiches da túa terra... O castigo será implacable.

Minos notou un calafrío.

-Nunca me atoparán -dixo con resolución-. Irei onde eles non ousan ir.

-Espero que así sexa. Deséxoches o mellor.

Así foi como Minos, no día do seu décimo sexto aniversario, escapou do que fora ata entón a súa casa, a súa terra. Escapou cara un futuro incerto, levando coma única equipaxe as súas

lembranzas. Daquela, non imaxinaba que o burato nos límites do Olimpo sería detectado por Zeus case de inmediato, e que este, encabuxado, enviaría tras el á máis terrible das cazadoras, a unha descendente do mítico Teseo.

A viaxe, se pode chamarse así, foi coma un estraño soño. Un soño no que se mesturaba o imaxinario co real. Todas esas imaxes, sensacións, olores... Todo o envolveu dun xeito que o fixo estremecer. Así, reviviu a súa infancia como Bendito, cos enormes privilexios que este status aportaba. Reviviu o día en que coñecera a Antíope cando só eran uns nenos, e a destreza dela no uso do arco comezaba a destacar. Reviviu as largas conversas coa moza de cabelos negros coma o acibeche, mentres camiñaban polo bosque sagrado dos cabalos alados, descendentes de Pegaso. Reviviu o sabor do néctar de ambrosía que ela lle traía para satisfacer a sede despois dos adestramentos. Reviviu o sabor dos beizos de Antíope, e reviviu o peso da culpa por non ser quen de confesarlle a ela a verdade: que el pertencía aos Malditos.

Pola súa estirpe, nunca debería ter probado semellantes luxos. Pero alguén cambiou o curso do destino: A ninfa Náyade.

Minos nacera ao carón dun pequeno regato rodeado pola máis exuberante das vexetacións. A nai do mozo, apresurada polas dores do parto, arrastrouse ata alí na procura dun lugar tranquilo e que lle ofrecese o preciso acubillo. O neno



naceu forte e san, mais os seus berros chamaron a atención dunha espectadora involuntaria que era a súa vez a protectora dese regato: A ninfa Náyade. A deidad achegouse á desamparada nai e colleulle o pulso con delicadeza.

-Vas morrer -besbexou a ninfa cunha voz tan lene e musical que era quen de apacentar o corazón de calquera que a escoitase.

-Podo sentilo -respondeu a nai moribunda coa tranquilidade que lle aportaba a presenza da deidade-. Mais non quero morrer. Aínda non.

A ninfa arrolouna cos seus brazos mentres a muller arrolaba ao neno.

-Non podes facer nada para evitalo -dixo a ninfa con agarimo-. Emporiso, acompañareite durante o teu tránsito, evitareite o sufrimento. É o único que podo ofrecerche.

-Grazas -murmurou a muller aliviada-. Pero non poderei estar tranquila mentres eu marcho cara o Hades e deixo aquí ao meu fillo. El tamén morrerá sen ninguén que o coide.

A ninfa coñecía os ditados do destino. Se estaba escrito que esa nai e o seu fillo morresen, así debería ser. Non se podían romper as regras de Zeus. Mais a doce ollada da muller, e a intensa enerxía vital que desprendía o neno fixérona dudar. E esa chispa foi percibida pola moribunda.

-Por favor... -murmurou a muller mentres lle entregaba ao neno-. Colle a Minos...

A ninfa deixou escorregar unhas lágrimas que escintilaron sobre o bebé coma dous luceiros,

e a nai, cun enorme sorriso de felicidade pura, comezou o seu tránsito cara o reino dos mortos.

Por aquel entón, os humanos xa deixaran de crer nos habitantes do Olimpo. Os deuses, que pensaban que coa súa omnipotencia non lles afectaría este suceso, descubriron tarde o seu erro, pois a súa fonte de poder non era outra que os propios humanos, eses seres que eles manexaran ao seu antollo coma se fosen monicreques. Os deuses amolecéronse recludose no Olimpo. Para sobrevivir, ditaron novas regras para os habitantes desa terra sagrada e o resto dos seus territorios. A primeira regra foi prohibir toda relación cos traidores humanos. A segunda, establecer unhas clases segundo a liñaxe: Benditos e Malditos. A pertenza a un, ou a outro grupo, unicamente dependía do sangue, da estirpe de cada quen. Uns serían os amos, e os outros os serventes. Así de simple, así de implacable. Ninguén podía romper esta norma.

A ninfa Náyade sabía, sabía que ese neno pertencía aos Malditos. Pero non podía facer nada xa, pois estaba completamente rendida a el, e o consideraba o seu propio fillo. Con seis anos, o pequeno Minos xa desenvolvera unha forza increíble, sobrenatural, e o resto dos Benditos asumira o feito como un trazo propio dos da súa estirpe, unha característica semi-divina.

Así, pasou o tempo no Olimpo, moi diferente ao tempo dos humanos, moi diferente incluso entre as propias criaturas que habitaban esta

rexión divina. Minos medraba, e a cada día que pasaba, Náyade estaba máis preocupada polas dúbidas que asaltaban o seu corazón. Angustiada, pediu consello ao oráculo da Cova do Vento, un ser desprezable e ruín coa capacidade de ver onde outros non podían.

-Os ósos non menten, criatura dos bosques -dixo a besta nun gorgolexo-. Ese, a quen ti chamas fillo, é un Maldito.

A ninfa asentiu sen mirar directamente a aquel ser demente que vivía ao marxe dos ditames do Olimpo.

-Hai algo máis... Algo no seu sangue... Algo que agromará en todo o seu esplendor no día en que cumpra os dezaseis anos. Unha eiva que non poderás ocultar como fixeches ata o de agora.

-Non! -berrou desesperada a ninfa ao ver confirmados os seus peores pesadelos.

Entón, o oráculo fíxolle ver o pasado na poza de lama que había aos seus pés. Alí estaban os antepasados de Minos, vivindo unha condena imposta polos deuses, por desafiar ao seu mandado. Viu ao ser encerrado no labirinto, e a unha moza nova e bela -a nai de Minos- que se achegaba a el sen medo ofrecéndolle o seu amor. Tamén viu como Teseo, axudado por Ariadna, daba morte ao monstro, que non tiña culpa ningunha de ser como era.

Si, Náyade viu aquilo e chorou. Así, o desprezable oráculo obtivo a súa recompensa: as prezadas bágoas dunha ninfa dos bosques.

O día do quince aniversario de Minos, a ninfa non puido ocultar a mentira por máis tempo e reveloulle a verdade; desde a súa adopción ata o escuro secreto que hibernaba no seu sangue, á espera do intre preciso para xurdir.

O mozo escoitou incrédulo como todo no que el cría esvaecía nuns segundos, e como esta terrible noticia lla daba a persoa que máis o quería no mundo.

-Síntoo -murmurou ela axeonllada no chan-, é culpa miña.

Minos, derrotado pola intensidade da revelación, axeonllouse canda ela e abrazouna. Os dous ficaron así durante moito tempo, ata que non houbo máis bágoas que chorar.

O primeiro impulso do mozo foi escapar. Non sabía onde nin como, pois de quen quería fuxir en realidade era de si mesmo. Un único pensamento ancorábo ao Olimpo: Antíope.

Non facía nin unha semana que el lle pedira a ela para mocear e ela aceptara. Que tráxico pode ser o destino que permite que che suceda un feito marabilloso para logo arrebatarcho nun instante! Minos mirou ao ceo e maldiciu. So tiña dúas opcións: abandonar o Olimpo naquel intre, ou vivir o ano que lle quedaba intensamente e logo esvaecer.

A elección foi sinxela.

Minos pasou o seu último ano como Bendito no Olimpo, vivindo cada día, cada noite, cada instante, como se fose único e especial. Nun ano

transformaríase nunha besta e todos o odiarían. O presente era o único válido para el. Aínda así, a dicha non era completa, pois devecía por contarlle a verdade a Antíope. Cada mañá dicíase a si mesmo que debía facelo, pero logo non era quen. Así, ata que os días foron pasando e chegou a véspera do seu dezaseis aniversario.

A ninfa Náyade sentiu como Minos atravesaba o ceo para non volver. Ela, consciente das implicacións de tal acto, camiñou en silencio ata o regato onde anos atrás se convertera en nai. Alí, no idioma secreto das Ninfas, chamou a cada unha das plantas e os animais polo seu propio nome. Ese foi o xeito de despedirse. Afundiou as mans no regato e estas cambiaron de cor, volvéndose máis escuras e ásperas ata que se converteron en raíces. O corpo transformouse nun tronco, os brazos en pólas, e os seus cabelos dourados en brillantes follas da mesma cor. A ninfa protectora da natureza decidira acabar os seus días formando parte do lugar onde aprendeu o que era a verdadeira felicidade.

Minos abriu os ollos desconcertado. Onde estaba? No interior dun edificio cuxa construción non recoñecía. Os materiais, as formas... Eran diferentes ás do Olimpo. Estivera onde estivera, non estaba alí. Entón onde? Podía ser este o mundo dos humanos... A Terra? Aguzou a vista na escuridade un cartel facía referencia a que se atopaba no Museo Provincial de Lugo. Sen saber como, a súa ollada reparou nos seus pés. Un

mosaico! recoñecía ese estilo, había decoracións similares no Olimpo. Deu uns pasos para percorrelo por completo intrigado por recoñecer a escena alí reproducida. Estaba incompleta, desfigurada e aínda así sentiu unha punzada no estómago. Esa escena, esa escena... El sabía de que se trataba, reproducía un momento que lle era familiar, que estaba no seu sangue. A ninfa Náyade contáralle a historia dos personaxes alí expostos: o célebre inventor Dédalo, e a súa avoa Pasífae... Como podía ser? Cal era a explicación para semellante coincidencia.

Entón notouno. Notou como a transformación que comezara timidamente, agora se abría paso con gran intensidade. A dor percorreulle o corpo e, sen decatarse, levou as man á cabeza.


-Nooooon! -berrou angustiado ao notar a metamorfose.

Saíu a tombos desa estancia e subiu unhas escadas cara a primeira planta. Corría coma un tolo, sen elixir dirección, sen decatarse do que facía. Polo camiño, arremetía coa cabeza contra o que atopaba: portas, vitrinas, pinturas expostas polas paredes, obras de arte de tempos para el descoñecidos... Nada lle importaba. Caeu no chan entre anacos de cristais e madeira e unha morea de moedas que ateigaban a vitrina que acababa de esnaquizar. Podía sentir coma a súa cabeza xa non era a de antes, pero non se atrevía a comprobalo novamente coas mans. Esgotado, caeu nun estado de inconsciencia.

O instinto espertouno xusto para ver unha seta de prata asubiando ao seu carón. Xa estaba alí! O asasino que enviara Zeus para darlle caza! Non podía pararse a pensar en canto tempo levaba no chan, tiña que reaccionar. Empezou a correr. Ao xirar por un corredor, viu de esguello unha sombra que se movía con axilidade. O cazador estaba preto! Minos aínda conservaba unha vantaxe na súa forza. Se acurralaba ao cazador e lle facía fronte nun corpo a corpo podería vencer, só precisaba recompoñerse.

Outra seta pasou preto do seu brazo e notou o frío metal rañándolle a pel. “Unha ferida sen importancia” pensou, aínda podía continuar. Antes de baixar por unha estreita escada de aceiro e madeira, arrincou a escultura de madeira dun home corpulento do seu pedestal e lanzouna cara onde chegaban as frechas. Parello ao ruído do golpe, escoitouse un laio na escuridade. Minos non quixo esperar a ver o acontecido e baixou pola escada chegando outra vez á sala co mosaico no que aparecía a súa avoa. Mentres corría, non deixaba de pensar no son que emitira o cazador, ou máis ben cazadora, posto que aquel queixume soaba como o dunha muller... Aguzou o ouvido. A cazadora volvía a estar en pé e retomaba a persecución. Quen podería ser? Quen mandarí o Olimpo para cazalo?

Minos atravesou a sala dos mosaicos e chegou ata o claustro do edificio. Nas paredes había





reloxo de sol, aras e milarios romanos e restos doutras culturas que Minos xamais chegou a coñecer. Utilizando a súa forza descomunal, arrincou unhas pesadas cadeas penduradas da parede denominadas “A Mariscalá” e se agochou entre uns sartegos. Chamoulle a atención un que parecía deseñado para un ser de dúas cabezas. Pode que entre os humanos tamén existisen monstros coma el.

Agardou.

A Lúa alumeaba o claustro e unha suave brisa entrou no lugar removéndolle a pelaxe da caluga. Só uns segundos máis e podería coller a súa perseguidora por sorpresa. Por moi áxil que fose, non podería esquivar ese ataque e, se fose preciso, a remataría el mesmo coas súas propias mans. Albiscou a sombra da cazadora, que dubidaba en que dirección seguir. Era a súa quenda para collela desprevida. Non lle desexaba ningún mal a aquela descoñecida, pero era a súa vida a que estaba en xogo, non permitiría que lla arrebataran. Tanto sufrimento tanto para chegar ata aquí, tanta xente inocente implicada na súa fuxida, que non deixaría que o estragasen no último intre.

Ergueuse coma un lóstrego axitando as ruidosas cadeas por riba da súa cabeza disposto a lanzalas. Foi entón cando viu á cazadora coa claridade da luz da Lúa.

Non! Imposible! Aquela era... A cazadora era... Antíope!

As cadeas abandonaron a man de Minos sen que este o pretendese, e cruzaron o claustro asubiando no aire.

-Non! -berrou Minos advertindo a súa presenza.

A cazadora saltou nese instante, e as cadeas acabaron estrelándose contra unhas columnas. Antíope rodou polo chan e protexeuse detrás dun pozo de pedra que había no centro do claustro.

-Non tes escapatoria, besta! -berrou ela-. Por moito que o intentes sempre terás unha das miñas frechas apuntándote á cabeza.

-Antíope! -berrou o mozo.

-Quen es? -preguntou ela confundida-. A túa voz resúltame familiar.

-Son eu, Antíope. Son eu... Minos.

-Mi-Minos -tatexou Antíope.

-Si.

-Non pode ser! Ti es un monstro que quere confundirme. Minos é un mozo adorable que está no Olimpo agardando que eu volva triunfal coa túa cabeza.

-Non, Antíope, non. Son eu, son eu en verdade. Son Minos.

O mozo saíu do seu agocho e avanzou con paso lento cara o pozo.

-Busca no teu corazón e saberás que digo a verdade.

-Noooooon! -berrou a moza ao tempo que utilizaba o pozo de trampolín e derrubaba a Minos dunha patada.

-Por favor Antíope, debes crerme! -insistiu o mozo abatido.

A moza tensou o arco e apuntou á besta cunha frecha de prata. Pero antes de disparar, fitou aos ollos do desvalido ser que a miraba desde o chan sen facer ningunha oposición. Antes, el tivera a oportunidade de acabar con ela, mais non o fixera. Acaso existía unha remota posibilidade de que aquel ser dixese a verdade? Cravou os ollos nel e non puido evitar que agromasen unhas bágoas.

Antíope chorou sen soltar a arma porque por fin descubrira que baixo esa aparencia grotesca, baixo esa cabeza de touro e corpo de home, estaba o seu querido Minos. Inconscientemente, tensou o arco.

-Por que, Minos? -murmurou ela- Por que?

Os dous permaneceron en silencio ata que Minos decidiu rompelo.

-Perdóame, Antíope. Perdóame. O último que pretendía era facerlle dano aos meus seres queridos, pero parece que a maldición do meu liñaxe persiste no tempo e corroe aquilo que me rodea. Son descendente do Minotauro, e como ves, son coma el. Son un Maldito, e ti unha Bendita descendente de Teseo, aquel que acabou co Minotauro orixinal. Pode dicirse que estabamos predestinados a loitar entre nós. Podes matarme se queres, non te culpo se o fas, pois o meu comportamento non ten perdón. O único que desexo é que comprendas a miña dor, e que teñas a certeza que eu non

sabía nada cando me namorei de ti. Descubrino máis tarde e non che dixen nada, ese foi o meu erro. Quería dicircho, pero imaxinaba que cando o soubeses rexeitaríasme con noxo. E eu... eu... soamente quixen aproveitar o máximo tempo contigo e logo desaparecer. Quixo o destino que volvésemos atoparnos nesta cazaría.

Antíope mirouno con carraxe.

-Tiñas que contarmo! -espetou enfadada.

-Oh, Antíope! Quererías seguir comigo aínda que fose un dos Malditos, aínda que eu fose un, un... monstro?

A moza respirou con calma, mirou a Lúa e logo ao mozo.

-Si! Escóitasma, estúpido egoísta! Si! Por que dubidas dos meus sentimentos?

Minos comezou a chorar sen levantarse do chan.

Antíope baixou o arco e achegouse a el. Timidamente, alargou o brazo ata que a man se pousou na peluda fronte do minotauro.

-Segues sendo ti -murmurou ela-. Segues sendo ti...

-Tes que matarme, meu amor. Non che deixaran entrar no Olimpo se non é coa miña cabeza.

Antíope mirou en fite a Minos.

-Non podo.

-Si que podes, meu amor. Tes que facelo por ti, por min, polos dous.

Antíope ergueu a ollada ao ceo.

-Hai outra opción -dixo ela volvendo a miralo a el aos ollos.

-Cal?

-E se non quero volver?

-Como?

-E se prefiro quedar con aquel que me tratou como se fose unha verdadeira deusa? E se prefiro permanecer ao carón daquel que estaba disposto a facer calquera cousa por min? E se prefiro vivir con un mozo cun corazón tan valente que foi quen desafiar unhas leis inxustas polo seu amor?

Minos abrazouna.

-Pero como imos facer? -preguntou el.

-Non sei, meu amor. Pero fagamos o que fagamos, prométeme que desta vez farémolo xuntos.

Minos asentiu, e por vez primeira, veu o seu novo aspecto ao reflectirse nas meniñas dos ollos de Antíope.

# *Astrágalos*

Autor:

*Andrea Maceiras*

Ilustracións:

*Noemí López*



**INSCRICIÓN DA ESTELA DE CRECENTE**

*Apana, filla de Ambolo, orixinaria do pobo dos Celtas que viven por enriba do río Tambre e pertencente á parentela de Miobri. Morta aos 25 anos. Aquí está soterrada. Apano, o seu irmán, mandou erixir esta dedicatoria.*

(MARIO)

Accedín ao Museo Provincial coa sensación dun gladiador atravesando as portas dun anfiteatro romano. Pero alí non había feras, nin un público sedento do meu sangue. Tan só estaba o persoal de recepción, Pilar, a quen eu coñecía ben, agardando expectante detrás do mostrador. Resignado, pousei sobre unha das cadeiras a miña mochila chea de libros de texto e apuntamentos.

-Aquí traio a este lampantín que me trae pola senda da amargura! -dixo a miña nai por todo saúdo- Sete suspensos en xuño! Pero iso acabouse, Mario. Verás como aquí si que estudas!

A miña nai desapareceu no interior do edificio. Ela era a limpadora do museo da quenda da tarde e pedira permiso para levarme con ela durante o verán, co fin de que non quedase só na casa. Así que alí estaba eu, cumprindo o meu castigo.

-Desta non te salva ninguén, Mario! -dixo Pilar cando quedamos sos- Veña, podes instalarte aí, se precisas algo avísame.

Sentei onde ela me indicara: un pequeno cuarto próximo ao mostrador que probablemente era unha oficina auxiliar, pois había moreas de papeis e un vello ordenador. Sen entusiasmo, abrín o libro

de ciencias da natureza e finxín concentrarme naquela odiosa lectura. Oxalá puidese dedicarme a aquilo que realmente me apaixonaba; vivir da tele, do cine ou do teatro e non ter que estudar esas absurdas materias! Estaba case seguro de que algún día conseguiría chegar a ser actor, pero iso era algo do que os meus pais non querían nin escoitar falar. Foran eles os que me obrigaran a abandonar o grupo de teatro cando comecei a baixar nas notas. Non comprendían o pouco que me importaba repetir cuarto da ESO. Nin sequera tiña claro que quixera seguir estudando.

-Teño que saír un momento, volvo de contado.  
-informoume Pilar.

Non o dubidei: era a miña oportunidade. Escapulinme nun abrir e pechar de ollos e atravesei o refectorio e o patio. Eu xa estivera moitas veces no Museo Provincial, sobre todo sendo neno, pero aquel fascinante lugar seguía espertando a miña curiosidade. Detívenme na sala dos mosaicos romanos, que era a miña preferida, e situeime detrás da estela bifronte de Atán (alcumada cariñosamente por min, Pobres Amigas Decapitadas). Para animarme, tratei de improvisar algo, como facíamos no grupo de teatro, situando a miña cabeza onde tería que estar a dunha das miñas amigas.

-Ai, querida, non puiden evitar reparar en que levas o mesmo vestido ca min! Compréndote perfectamente. Eu tamén perdín a cabeza por este modelíño!

Escoitei pasos que se achegaban e, temendo ser descuberto, subín as escaleiras cara o segundo andar. A miña nai xa me advertira de que no museo estaban a facer obras de mellora nalgunhas das salas, mesmo de que era posíbel que algún día saísemos máis tarde por aquela causa, xa que podía ter que limpar ciscallos e po a última hora. Porén, nada me preparou para a emoción de atoparme a sala 9 pechada, cun precinto de plástico no que poñía *Sala en obras. Prohibido o paso*, como nas películas. Levado pola curiosidade, entrei naquel enorme cuarto que contiña unha colección de obxectos que ían desde o Paleolítico ata a Romanización. Todo estaba desordenado. Camiñei entre as vitrinas, que ofrecían os seus tesouros desprovistos do cristal protector. Sabía que non debía tocalos e resistín todo o que puiden ata que cheguei a aquel atraente xogo que foi a orixe de todo o que aconteceu despois. Pero como ía sabelo?

O taboleiro era de orixe romana, pequeno e cadrado, cun debuxo que axiña me resultou familiar. Lembrábame a aquelas estrelas que eu debuxaba cando era neno: dúas liñas formando unha cruz (+) e outras dúas superpostas en forma de aspa (X). Ao final de cada unha das liñas había un pequeno burato redondo e tamén outro no centro: eran os ocos para as fichas. Sorrín ao comprender que aquela era unha versión antiga do xogo do tres en raia. E, ao observar que a ambos lados do taboleiro había tres pedras brancas e

tres pedras negras, escollín unha de cor branca e situeina nun dos ocos. Imaxinei a situación:

-E así o gran emperador romano Mario Máximo, o máis guapo, talentoso e ao que mellor lle senta a túnica, comeza a partida cunha xogada intelixente e habelenciosa!

Sobresaltoume un ruído provinte do corredor e decidín que era mellor liscar: non quería máis problemas, alén dos que xa tiña coa miña nai. Saín con sixilo e regresei ao primeiro andar. O mostrador estaba baleiro, pero de alí a un pouco apareceu Pilar, procedente do exterior.

-Xusto acaba de marchar o técnico informático e acompañeino para axudalo cos trebellos -informoume- Con tantas melloras non dou abasto! Oes, Mario, o museo xa pechou e eu teño que marchar, pero a túa nai ha vir axiña. Cando chegue, xa lle dicides ao vixilante que vos abra.

Pilar marchou e eu regresei ao pequeno despacho, onde deixara os meus libros abertos, pero en troques de sentarme a ler acendín aquel vello ordenador. Tardou un anaco en arrincar, pero tiña conexión a internet e puíden dedicarme ao meu pasatempo favorito: ler artigos sobre actores, directores, series... Todo parecía ir ben ata que, de súpeto, o ordenador comezou a facer cousas estrañas. Primeiro pechou todas as pantallas que eu tiña abertas. Pensei que había algún fallo no sistema e tratei de reinicialo, pero non fun capaz. O rato non obedecía as miñas instrucións: parecía ter vida

propia. Unha man invisíbel abriu o procesador de textos e comezou a escribir algo. Erguinme violentamente da cadeira, aterrorizado, pero non aparteí os ollos do ordenador, que letra a letra compuxo unha terrorífica mensaxe:

Gústache xogar? A min tamén. No nome de Apana e no nome de Apano, o xogo debe continuar ata o final. Un gaña, un vive. Un perde, un morre.

O ordenador apagouse. Eu quedei alí de pé, coas pernas trementes, preguntándome se todo aquilo acontecera de verdade ou fora unha mala pasada da miña imaxinación. Acaso quedara durmido mentres trataba de estudar? O ordenador aínda estaba quente: logo era certo que o acendera. Pero como era posíbel? Eu non premera nin unha soa tecla. E o máis desacougante: vírame alguén movendo aquela peza do xogo na sala 9 que tan baleira parecía?

-Mario, veña, recolle que marchamos xa.

A voz da miña nai sobresaltoume. Metín todo na mochila como puíden, desexando liscar de alí canto antes. Aquela noite tiveron un sono axitado, con pesadelos constantes. Que ocultaba aquel xogo, de aparencia inocente? Quen eran Apano e Apana? O primeiro que fixen cando espertei foi procurar aqueles nomes en internet, mais a miña busca foi infrutuosa. Resolvín preguntarlle a Pilar aquela mesma tarde, en canto a miña nai comezou o traballo.

-Oes, Pilar, ti tés algunha compañeira que se chame Apana?

Ela riu.

-Si, claro. Ven, que cha presento.

Seguín a Pilar ata a sala dos mosaicos e ela detívose xunto a unha estela que estaba ao lado das Miñas Pobres Amigas Decapitadas. Na estela estaban tallados en relevo catro figuras: un home e dúas mulleres, unha delas cun neno no colo. Aquela peza era coñecida polo nome de estela de Crecente, pero eu sempre lle chamara cariñosamente A Familia Seria.

-Aí tés a Apana, irmá de Apano, quen ordenou a fabricación desta estela funeraria. -dixo e marchou aínda sorrindo.

Eu achegueime un pouco máis á estela, teño que recoñecer que algo temeroso. Sabía que aquilo non era máis que un anaco de pedra, pero tiña moi vivas na memoria as palabras que lera a noite anterior no ordenador. Fitei aquel relevo con atención. O neno que sostiña unha das mulleres levaba algo na man: un aro.

-Un xoguete? -escoiteime preguntar en voz alta- Así que ti es Apano?

Estou seguro de que foi froito da suxestión, pero xuro que puiden ver como aquel neno de pedra asentía. Dei un paso cara atrás, tropecei e caín ao chan. Vista desde abaixo a estela era aínda máis imponente. Estaba suando de medo, pero aínda así non puiden resistirme a dicir:

-Estás aburrido, non si? Queres xogar porque





non soportas esta eternidade aquí dentro, sen nada que facer. Pois imos xogar. Un gaña, un vive. Un perde, un morre.

Subín as escaleiras sentindo na caluga a mirada daquel neno de pedra. Entolecido, entrei na sala 9 e achegueime á vitrina onde se atopaba o tres en raia. O que vin alí deixoume inmóbil uns segundos. Xa non estaba só a peza que eu colocara o día anterior. Agora había outra máis, de cor negra. Comprendino decontado.

-Tócame mover, entón. -dixen incrédulo.

Elixín coidadosamente o meu movemento. Esperei que algo extraordinario acontecese, pero só se escoitaba o silencio. As horas fixéronseme longas aquela tarde. Regresei á recepción e agardei pacientemente a que Pilar marchara e despois, consciente de que a miña nai aparecería ao pouco, apresureime a acender o ordenador. Abrín o procesador de textos e escribín.

Quen es ti?

A resposta non se fixo esperar. Como na anterior ocasión, o ordenador comezou a escribir sen que eu premese nin unha tecla.

Eu son Apano, irmán de Apana.

Invadiume o nerviosismo. Escribín:

O neno que aparece na estela funeraria de Crecente? E que queres de min?

A resposta foi case inmediata.

*Eu son Apano, irmán de Apana, eu mandei fabricar a estela funeraria de Crecente e quero a túa alma. Un gaña, un vive. Un perde, un morre.*

Temín que o ordenador se apagase, así que me apresurei a teclear:

Es un fantasma, Apano? Por que quedaches atrapado aquí?

Decateime de que estaba mordendo as unllas mentres esperaba a resposta.

Eu son Apano, o xogador e o fantasma. Durante séculos esperei a alguén disposto a xogar. Eu son Apano, o castrexo, e xogo á vida e á morte. A miña irmá morreu sendo aínda eu moi neno nunha guerra contra os romanos. Tivemos que abandonar o poboado sen apenas tempo para soterrala. Nunca me esquecín dela. E, cando moitos anos máis tarde, regresei a aquel lugar como centurión romano, ao mando da miña propia lexión, volví ao sitio onde soterráramos o seu corpo, rápida e indignamente, coa intención de darlle a debida sepultura. Sabes que atopei alí?

Eu traguei saliva antes de responder.

Non.

O ordenador seguiu escribindo.

Había dous nenos xogando. Tiñan dous pequenos ósos nas mans que tiraban ao aire, facendo apostas para ver por que cara caían. Eran astrágalos. Ti sabes o que son os astrágalos?

Non me atrevín a pousar as mans no teclado. Sentía o corpo completamente tenso, sometido a unha presión descoñecida: o máis absoluto e paralizante terror que experimentara en toda a miña vida. O ordenador continuou:

*O astrágalo é un óso que hai no pé dalgúns animais e tamén nos seres humanos. Antigamente, lanzábanse astrágalos de animais ao aire para facer xogos de apostas, tratando de adiviñar en que cara ía caer. Sabes con que astrágalos xogaban aqueles nenos? AQUELES NENOS XOGABAN COS BRANQUÍSIMOS ASTRÁGALOS DA MIÑA POBRE IRMÁ! Degoleinos alí mesmo, coa miña daga. Os meus soldados e mais eu pasamos a coitelo a todo o poboado. O sangue tinguiu o chan e tamén as nosas mans e as nosas almas. Entre toda aquela morte rescatei os restos da miña querida Apana e mandei erixir unha estela funeraria no seu honor, lembrando os tempos nos que eramos nenos e xogabamos xuntos. O xogo preferido de Apana era o tabula lusoria: ese mesmo ao que estamos a xogar ti e mais eu.*

Obriguei aos meus dedos trementes a teclear unhas palabras:

Que queres de min?

A resposta demorouse un instante.

Quero a túa alma. Quero un xogo que dure eternamente. Un perde, un morre. Un gaña, un vive.

Un corte eléctrico deixou sen subministro a todo o edificio e o ordenador apagouse ao mesmo tempo que a lámpada do cuarto. Estaba tan mareado que apenas recordo o que aconteceu. Debín berrar de terror, porque a miña nai, que chegara xusto naquel momento, dixo:

-Vaia mexericas que estás feito, Mario.

Aquela noite non peguei ollo. As palabras de Apano resoaban na miña mente. *Un gaña, un vive. Un perde, un morre.* Resolvín que tiña que gañar aquel xogo como fose. Así que á tarde seguinte, na primeira ocasión na que Pilar abandonou a recepción, saín daquela pequena oficina na que me confinaran e, como alma que leva o demo, subín as escaleiras ata a sala 9. Tal e como me esperaba, agora había outra peza negra máis no tres en raia: o meu contrincante fixera un novo movemento. Tratei de concentrarme e calcular todas as posibilidades. Pero estaba demasiado tenso, a cabeza dábame voltas, mesmo a visión se me anubraba por momentos.

-Veña, Mario -dixen e voz alta tratando de escorrentar o medo- O espectáculo debe continuar.

Traizoáronme os nervios. Nada máis mover a miña seguinte peza, decateime da parvada de xogada que fixera. Pensei en rectificar, pero sería facer trampa. Só me quedaba agardar que o meu contrincante non se decatara da vantaxe que acababa de ofrecerlle. Baixei as escaleiras cun enorme peso sobre os ombros. Que me diría Apano aquela noite a través do ordenador? De verdade levaría a miña alma? Non cheguei a sabelo. Cando regresei á recepción, a miña nai xa estaba agardando por min. Ao parecer, acabara antes de tempo e podíamos saír antes.

Non podo describir o lamentábel estado no que estiven aquela noite e a mañá seguinte. Enfermara de terror, tiña calafríos e apenas era

capaz de comer ou falar. Estaba tan mal que mesmo a miña nai se compadeceu de min.

-Mario, esta tarde podes quedar na casa se así o precisas.

-Non, mamá. Hoxe, máis que nunca, debo ir.

Erguinme da cama cun esforzo extraordinario. Camiñei detrás da miña nai, taciturno. Imaxinaba o meu propio corpo caendo no chan do pequeno cuarto que me asignaran, fulminado por un raio invisíbel. Imaxinaba a miña alma saíndome pola boca: unha néboa branca que voaba ata pousarse nas mans de Apano. Imaxinaba a súa cara de pedra sorrindo malevolamente, devorando a miña alma cos seus dentes. Sentiría dor? Que pasaría despois? Como sería estar maldito toda a eternidade?

Nada máis chegar ao museo, subín á sala 9. Os meus peores temores fixéranse realidade: Apano colocara a última peza xusto onde eu temía, gañando a partida. Todo estaba perdido. Baixei as escaleiras, lívido e ausente. Que podía facer eu? Non me vía capaz de convencer a Apano para que anulase aquel trato e me deixase marchar como se nada. Pero tampouco atopaba o modo de conseguir unha alma que substituíse á miña.

Cando cheguei á sala dos mosaicos, un grupo enorme de xente admiraba a estela de Crecente mentres un guía informaba aos alí congregados sobre a historia da peza:

-A estela de Crecente... Nada máis se sabe desta valiosa peza, que representa por primeira vez unha familia castrexa e que foi erixida por un home chamado Apano para a súa irmá Apana.

Ao escoitar outra vez aqueles nomes, o estómago contraéuseme e sentín gañas de trousar. Corrí cara o cuarto de baño e vomitei. Zumbábanme os oídos e tiña todo o corpo en tensión. Despois, pecheime no cuarto e acendín o ordenador. Fóiseme un pouco a cabeza, quizais por efecto do medo. Procurei mil cousas absurdas: como comprar unha alma en internet, como cometer un homicidio sen deixar rastro, como facer un pacto co demo... Non me sentía eu mesmo. Por fin o museo pechou e, cando todo quedou tranquilo e baleiro, o procesador de textos abriuse coa mensaxe que eu tanto agardaba e temía:

Apano sempre cobra o que é seu. A túa alma pertéceme.

Eu xa tiña a miña resposta pensada. Tecleei:

Sei que perdín, pero ofrézoche un trato. Non che darei a miña alma, mais mercareiche unha en internet. Unha alma por outra.

O ordenador non tardou en compoñer outra mensaxe.

Non hai trato. Eu quero unha alma real.

Pero eu tamén estaba preparado para unha negativa así. Escribín.

Tés razón. Unha alma comprada non vale de nada. Pero non temas, Apano. Eu gañarei unha

alma para ti, como ti gañaches a miña. Non me coñeces, non sabes do que son capaz. Nin sequera eu mesmo o sei. Mañá, a esta mesma hora, depositarei diante da estela de Crecente unha alma de verdade. Un gaña, un vive. Un perde, un morre. E a min, Apano, non me gusta perder.

Apaguei e desenchufeí o ordenador antes de que chegase ningunha nova resposta. Non a precisaba. Durante aquela tarde meditara moito e chegara a unha conclusión inesperada. Dalgún modo as palabras do guía filtráranse na miña mente indicándome o camiño a seguir. Como puidera estar tan cego? Agora sabía o que debía facer e estaba disposto a chegar ata o final.

-Por que sorrís dese modo tan estraño, Mario?  
-preguntoume a miña nai cando chegou.

Non puideron responder. Deille as costas á miña nai e estalei en gargalladas, saídas do máis fondo do meu ser.

(SARA)

Eu son Apano, irmán de Apana, eu mandei fabricar a estela de Crecente. Eu son Apano irmán de Apana, eu dito as normas do xogo. Ou iso é o que quero facer crer. Porque en realidade eu non son Apano, nin estou morto. O meu nome é Sara e estou máis viva do que me gustaría neste momento. Unha suor fría escorrega polas miñas costas mentres me pregunto como vai rematar todo isto. Xamais pensei que os meus actos fosen carrexar consecuencias semellantes.



Todo comezou o día no que o meu irmán, informático de profesión, recibiu o encargo do Museo Provincial de renovar e arranxar algúns dos ordenadores das oficinas. Pregunteille se podía ir con el: o verán é aburrido e sempre aprendo cousas novas cando o acompaño. Prepareime para unha tarde anódina, pero nada máis chegar ao Museo Provincial, nunha das cadeiras destinadas ao persoal de recepción, vin algo que me chamou a atención: unha mochila que eu coñecía ben. Resultábame insólito atopala alí, pero non tiña dúbida de quen era o seu propietario. Con todo, non me puideren resistir e pregunteille á muller que estaba detrás do mostrador:

-Esa mochila é dun rapaz que se chama Mario?

-Si. -dixo ela- Coñécelo?

-Fun eu quen lla agasallou hai anos, polo seu aniversario.

Foi así como souben que Mario ía estudar alí polas tardes, castigado pola súa nai. Non me deu mágoa. Mario e mais eu fomos moi bos amigos durante anos: os dous íamos xuntos ao grupo de teatro e compartíamos o mesmo soño de dedicarnos ao espectáculo. Mesmo cheguei a sentir algo máis por el. Pero despois todo cambiou. Os seus pais quitárono do grupo e Mario xuntouse con malas compañías. Deixou de saudarme cando nos cruzabamos nos corredores do instituto e comezou a meterse comigo, igual que todos os demais. Non o recoñecía. A min non

me importaba que os outros me insultaran por non ser coma eles: polo meu cabelo alaranxado, as miñas pencas ou as miñas boas notas. Eles non significaban nada para min. Pero o de Mario non podía soportalo.

O meu irmán e máis eu pasamos toda a tarde metidos nas oficinas. Porén, eu estaba distraída: unha idea roldaba a miña mente insistentemente. Así que, despois de varias horas, finxín estar aburrída e el suxeríume que fose dar unha volta e estarricar as pernas. Regresei ata a recepción, sentei na cadeira do cuarto onde estaban os libros e apuntamentos de Mario e, sen que ninguén se decatase, acendín o ordenador e descarguei un programa que o meu irmán me amosara había pouco e que servía para manexar calquera ordenador por control remoto. Quería darlle un pequeno susto a Mario. Era unha ocasión única para a vinganza.

*Cando rematei e deixei todo listo, non puideren evitar preguntarme onde andaría o meu antigo amigo e fun dar unha volta. No segundo andar, escoitei a voz de Mario, que proviña dunha sala en obras. Asumeime con cautela e a casualidade quixo que nese preciso momento Mario estivera metendo a man nunha das vitrinas. Decontado souben que non podía deixar pasar unha oportunidade así. Agocheime ata que Mario saíu da sala e logo entrei a pescudar. Axiña atopei o tabula lusoria ou tres en raia romano. Decateime de que Mario movera unha peza branca e eu decidín continuar a partida*

*depositando unha negra sobre o taboleiro. Despois, só tiven que empregar os meus coñecementos sobre historia e informática para facer o resto. Xa na miña casa, iniciéi o control remoto do ordenador que pensaba que usaría Mario. E, cando comezou a facer buscas de actores e películas, tiven a certeza de que era el e iniciéi o meu plan. O primeiro día só quixen asustalo. O segundo, inventei unha historia terríbel sobre Apano e a estela de Crecente. E, mentres tanto, acudín ao museo para mover as pezas do taboleiro e gañar a Mario con sorprendente facilidade.*

O que non esperaba era este xiro dos acontecementos. Quería facer sufrir a Mario un pouco máis antes de revelarlle a miña identidade. Merecía, por todo o que me fixera, polos seus desprezos cara min e a súa ruindade. Pero non pensei nin por un momento que toda esta parvada se fose volver perigosa. Por iso cando Mario me dixó que conseguiría unha alma e que a deixaría diante da estela de Crecente comecei a preocuparme e a pensar que quizais levara demasiado lonxe todo isto.

Agora, mentres espero agochada na sala dos mosaicos a que Mario cumpra a súa macabra promesa, decátome de que hai demasiado tempo que non falo con el. A xente cambia moito e el está rodeado de moi malas influencias. Será capaz realmente de facer dano a alguén por seguir este absurdo xogo? Non podo evitar apertar con forza o meu teléfono móbil: estou disposta a chamar á policía se é preciso.

Mario acaba de aparecer. A estas horas o museo xa está pechado, pero a luz segue aínda acendida. Trato de ocultarme mellor. Mario trae velas nas mans e acéndelas, depositándoas preto da estela de Crecente. Axeónllase diante dela e comeza a dicir en voz baixa:

-Aquí estou, Apano, hoxe é o día no que cumprirei a miña promesa... Eu traerei diante de ti a alma prometida, pero non será unha calquera: será a alma da traidora. Eu traerei diante de ti a aquela que iniciou o xogo, sen ser consciente das súas consecuencias. Eu traerei a alma de Sara.

Sinto os latexos do corazón nas tempas e conteño a respiración, tratando de pensar con lóxica. É imposíbel que Mario saiba que eu estou detrás de todo isto... A súa voz fai eco na sala baleira cando berra:

-Sara, sal de onde estás agochada!

Non podo moverme. Estou paralizada polo medo. O móbil esvárame das mans e cae ao chan facendo un grande estrépito. Agora Mario xa sabe onde estou e diríxese cara min. Afogo un berro de terror.

El trae un estraño sorriso nos beizos.

-Así que estás aquí! -exclama nada máis verme- Gustouche a posta en escena? Estiven quizais un pouco sobre actuado? Ás veces penso que estou perdendo a práctica...

Non acerto a falar.

-Pero que estás a dicir, Mario?

Mario óllame con expresión triunfal e comeza a rir.

-Asustácheste de verdade, non si? Que alegría me dás, Sara! E eu que pensei que as miñas habilidades de actor estaban enferruxadas! Pero non poñas esa cara! De verdade pensas que toleei? Unha cousa é que me xuntara con xente que non debo e outra que sexa capaz de matar a alguén!

-Non comprendo nada, Mario. -acerto a dicir.

-Verás, ao principio asustáchesme moito, Sara, moitísimo. Pasei dúas noites sen durmir, cheguei mesmo a enfermarse de medo. Pero o día no que perdín definitivamente a partida, atopei un guía contando a historia da estela de Crecente e comecei a dudar de todo o que me dixeras ti. Despois vin por casualidade un dos papeis que tiña Pilar enriba da mesa: nel figuraban o nome e apelidos do teu irmán, informático contratado polo museo. Fíxoseme a luz. Lembrei as complicadas tramas que creabas no grupo de teatro. E pensei, aínda que fose disparatado, que detrás de todo isto tiñas que estar ti.

-Déchesme un susto de morte! -exclamo sen poder crelo.

-E ti a min! Non sei como puiden esquecerme de ti! Vas ser unha directora de cine incríbel!

Eu non podo evitar un suspiro de fastío.

-Non creo que a ti che importe moito iso, a estas alturas....

-Oes, Sara, sinto moito o meu comportamento ultimamente... Non volverá acontecer. Son

consciente de que teño que cambiar algunhas cousas na miña vida. E estudar un pouco máis, para ter cultura e que a xente non poida tomarme o pelo tan facilmente como ti o fixeches.

Mario e mais eu camiñamos xuntos ata a recepción. El vai falando do impresionado que se sinte por todo o que fixen, da súa firme decisión de falar cos seus pais e volver ao grupo de teatro e do moito que me estrañou todo este tempo, aínda que non se decatara.

-Só hai algo que non comprendo -dime- Como conseguiches facer o corte eléctrico?

-Que corte eléctrico? -pregunto desconcertada.

De súpeto, todo o edificio queda ás escuras. O meu corazón comeza a bater con forza novamente, sinto de novo a suor nas costas. Prepárome para o que poida acontecer: quizais unha nova broma de Mario, quizais algo peor, unha verdadeira vinganza dos espíritos. Pero chega a min o único que non espero: un bico.

# *O paxaro na gaiola*

Autor:

*Carlos Negro*

Ilustracións:

*Noemí López*







Non era quen de entender nin os rótulos. *Estelas, miliarios, aras votivas...* as explicacións da guía do museo chegaban aos seus oídos transformadas nun zunido que lle atordaba o cerebro. Sentíase fóra de sitio. Dor muscular, sono atrasado, punzadas nas tempas. As neuronas como teselas dun mosaico roto, incapaces de compoñer unha imaxe coherente do entorno. E dezasete mensaxes a esixir atención desde o móbil. Non as abriu. Intuía o seu contido. A impaciencia dos dedos sobre o teclado da pantalla, a reclamar resposta. *Eh, Nerea, que andas a facer? Levo horas sen saber de ti! Veña, dime algo, guapa! Non te pases!*

No percorrido polo antigo claustro, foise arredando do grupo con sixilo, desentendéndose daquela exhibición arqueolóxica de epígrafes e sepulcros, de primitivas invocacións a deusas mortas, de reloxos que medían o tempo con outra pauta, establecida pola luz solar e os ciclos lunares. Pero esa mañá a súa cabeza era unha mochila sen libros. Deambulaba a través da exposición, arrastrada por obriga a aquela saída didáctica que Helena, a profesora de Historia, definira días atrás *como unha viaxe a través dos séculos en apenas dúas horas, xa veredes cantas cousas ides aprender, Lugo é unha cidade con moitos segredos aínda por descubrir, a memoria do pasado asoma por todas partes.*

Si, pode que Helena estivese no certo, ante os seus ollos despregábase un inventario de reliquias que, a pouco que a imaxinación acudise ao auxilio, podían transportala a universos tan fascinantes como as ruínas dunha civilización extraterrestre. Pero por moito que insistía, aquela sucesión de obxectos milenarios non lle provocaba nin chisco de entusiasmo. Suxerían códigos que a súa mente non daba descifrado, extraviada na súa propia nebulosa.

Así que mañá toca museo. Vaia merda, non? E van contigo as lerchas esas da túa clase? Pasa delas, non son máis parvas porque non poden. Que se este bolso tan mono, que se aquela blusa tan chula... que se isto, que se o outro... Nin caso lles fagas! En fin... xa quedamos cando volvas. E non esquezas soñar comigo!

Esa fora a última mensaxe da noite anterior, ás 00.02, cando xa estaba metida na cama, a piques de prender no sono. Mirouna varias veces á procura dun sentido oculto, quizais menos ofensivo do que semellaba de primeiras, pero axiña se decatou de que aquelas rexoubas ían deixala a remoer durante toda a madrugada. Mancaban en sitios escuros e, o peor de todo, ferían sen vir a conto. E por que Nico se irritaba tanto coas súas amigas? Que máis lle daba como eran ou deixaban de ser? Acaso os seus colegas non tiñan defectos? Algo non cadraba naquela actitude. Respondeu con outra mensaxe que pretendía esquivar o rancor: *Estou cansa. Mañá*

*toca madrugar para ir ata Lugo. E o das amigas... non sei a que vén. Que descanses. Falamos á volta.*

Contemplou como o groso do grupo abandonaba o claustro para continuaren a visita, sempre con Helena á cabeza, tan entusiasmada coa observación dos restos romanos que se esquecera de comprobar se alguén ficaba atrás. Unicamente Alba, que xa no autobús se decatara do seu abatemento, buscouna coa mirada e fíxolle un aceno de acollida, convidándoa a reincorporarse ao coro rebuldeiro das compañeiras de excursión. Ela intentou sorrir, mais os labios negáronse a obedecer, indiferentes. *Volvo axiña. Se preguntan por min, dille a Helena que fun un momento ao cuarto de baño. Que xa vos alcanzo na próxima sala. Vai indo, Alba, non te preocupes. Non tardo nada.*

Precisaba osíxeno. Evadirse daquel fatigoso catálogo de símbolos heráldicos e funerarios. Botarse fóra do museo como o paxaro que foxe da gaiola. *VARIO DEEL*. Ou mellor aínda, camuflarse nas tebras, transformada no morcego acubillado na fondura do pozo. Alí o estaba, a irradiar ondas de enerxía desde o centro do patio. Redondo e atraente. Sen pensalo dúas veces, percorreu a senda de lastras e achegouse arredor do seu círculo magnético. Derriba, sobre a cidade, o ceo primaveral, limpo no lumbrigar do día, presaxiaba agora tronada. Nuboeiros a estenderse sobre os tellados. Abafaba o calmizo, demasiado cedo para ser ben acollido polo corpo. Ía chover, e forte.

Escoitou como chiaba impaciente o móbil no peto da cazadora. *Outra vez, Nico?* Quería e non quería seguir recibindo as súas mensaxes, pero aquela enxurrada de saúdos obsesivos comezaba a resultar menos agradable do que meses atrás soñara. *Que tal, Nerea? Como vai iso? Seguides no museo? Vේña, manda unha foto. Apetéceme moito verte...*

Non, non lle prestaba responder. Non aínda. Por primeira vez desde que saía con Nico non visualizou o rostro sorrinte do seu mozo con agrado, senón como unha máscara que agochaba un demo mandón, acostumado a que os caprichos se cumpran cun estalo dos dedos. E pode que ela, case sen se decatara, estivese a converterse nun trofeo que el mantiña protexido tralo cristal dunha vitrina, para que o resto do mundo puidese admirala, pero sen opción de achegamento. A boneca máis linda do escaparate do instituto. Toda para Nico, as vinte e catro horas sete días á semana, porque o amor din que hai que vivilo así, *a tres metros sobre o ceo*, co corazón a mil por hora, sen pausa nin escusas.

Asomou ao interior do pozo. Aquel buraco nas entrañas da terra lembroulle un pasadizo cara ao territorio da infancia, a voz de papá ao pé da cama, a moeda máxica do baúl, a fórmula dos encantamentos, *nego, renego, tres veces nego*. E si, aínda que nunca antes meditara niso, o fondo do pozo podía considerarse unha especie de espello. Cristal denso. Auga adurmiñada. E se lle reclamaba que se cumprise un desexo? Pero tiña que atopar o

seu perfecto abracadabra. Non debía equivocarse, dáballe pánico pensar que un impulso irracional tornase nun maleficio irreparable.

Unha pingota que esvarou pola meixela devolveuna á conciencia do corpo; o ceo ennegrecera de vez e, nunha aceleración progresiva, centos de gotas de auga comezaban a petar no chan cun troupeleo metálico. Percibíase a electricidade da atmosfera e o estoupido dos troncos a resoar cada vez máis próximo, ameazante. Tiña que apurar e regresar co grupo, antes de que a botasen de menos. Sacou un euro do moedeiro. Sostívoo con delicadeza, entre a punta do dedo gordo e a do furabolos, aproximándoo devagar á boca do pozo. Nese intre, lostregou e o edificio enteiro pareceu virse abaixo, fendido por un fulgor que a obrigou a protexer a cara coas mans, arrepiada.

- Se vai solicitar un desexo, *señorita*, será mellor que escolla ben o que pide. Non convén tomar certos asuntos á lixeira...

Colleuna por sorpresa a presenza daquela voz enigmática xusto ás súas costas. Unha voz tan rotunda como monocorde. Xirou de modo brusco, avergoñada de que alguén a estivese a asexar durante aquel xogo cerimonial; aínda que non cometera ningún delito, viuse a si mesma como a ladroa que sorprenden coas mans no botín. Pero o rostro da muller que tiña diante non manifestaba sinais de enfado pola súa conduta; só unha especie de distante curiosidade.

- Desculpe, non pretendía asustala. Pero gardo certa predilección por observar como se comportan as persoas que teñen a ben visitar esta casa. E vostede espertou o meu interese xusto desde que cruzou a soleira... tan nova e tan apesurada. Atópase ben? Non ten moi boa cara... Pode indicarme cal é o seu nome, señorita?

Nerea dubidou. Desconcertouna o rigor da cortesía, aquel tratamento formal que convertía sons espontáneos en columnas de granito. Non tiña nin idea de quen era aquela muller de aspecto sobrio, toda de negro, agás por unha pequeno adobío branco no encaixe do colo. Nun primeiro momento, quixo crer que formaba parte do persoal administrativo do museo, unha supervisora ou algo así, pero a súa vestimenta, máis que un uniforme, semellaba saída dun roupeiro antigo, un traxe dos que levan as actrices nas series de época. Logo cavilou se sería unha visitante ocasional, aínda que algo lle dicía no seu interior que esa era tamén unha suposición equivocada. En todo caso, decidiu responderlle.

- Síntoo moito... Xa sei que debía estar cos demais, pero ando algo mareada, veño de pasar moi mala noite. Necesitaba aire fresco, por iso saín ao patio... mirei o pozo... e sen querer, despisteime. Pero xa marchaba... chámome Nerea, vimos de visita desde un instituto de Lalín... Os outros deben andar por unha desas salas. Vou buscalos.



- Agarde un momento, Nerea. Non teña tanta présa. E esa moeda? Non ía vostede botala no pozo? Acompañeme, faga o favor. Non convén que siga ao descuberto con esta treboada. Se permanece aquí fóra, vaise empapar. Sígame, prometo que non lle farei perder moito tempo...

Entráronlle ganas de marchar ás carreiras, aínda que quizais resultase un atrevemento levarlle a contraria a aquela especie de institutriz, tan correcta nas formas como severa no timbre de voz. Era unha situación algo ridícula, mais non atopaba escusa ningunha que lle permitise a fuxida sen parecer maleducada. E, a pesar de que non quixera admitilo, experimentaba un formigo de curiosidade cada vez máis intenso.

Desandaron o camiño do claustro, en silencio, e regresaron á zona da entrada. Nun minuto, estaban de volta no interior daquela cocíña do século XVIII que o seu grupo visitara había cousa de media hora, nada máis chegaren ao museo. A Nerea agradáralle aquel espazo acolledor, onde todos os obxectos seguían a reclamar o regreso do lume á lareira, das conversas arredor dunha cunca de caldo, das ladaíñas para esconxurar o tangaraño. Alí non había pezas funerarias nin augurios de morte. Só unha lembranza do cotián conxelada nunha quietude expectante, a agardar que alguén trouxese un brazado de leña para poñelo baixo o pote que pendura da trepia nas noites de inverno.

A muller, cun discreto aceno da man, convidouna a sentar ao seu carón, naquel banco que noutrora se usara como capoeira, e que por iso amosaba unha fileira de barrotes a rentes do chan. Pero agora convertérase nun recuncho reservado para as confidencias, o lugar exacto onde se ían desvelar as intencións da súa interlocutora. Un chisco asustada, cun nó de angustia na gorxa, Nerea obedeceu. Xusto nese instante, atacouna o chío do móbil, e a insistencia do reclamo contaxioulle unha sensación de esgotamento. Nico outra vez! *Tía, non pases de min, cóntame algo, pero xa!*

- Non, non disimules, Nerea. Xa teño observado que os adolescentes non sabedes vivir sen consultar seguido eses curiosos aparellos que levades no peto. Non importa. Enténdoo perfectamente. Cada época elabora os seus propios ritos, aínda que no fondo de cada ser humano, as paixóns seguen a conservar a mesma esencia que en épocas pretéritas... Pero fálame mellor desa tristeza que che aflixe... Que acontece?

Nerea percibiu axiña, non sen estupor, o repentino cambio de actitude da súa acompañante; de súpeto, aquela señora decidira despoxarse do seu rigor mortuorio, do distanciamento que tanto a incomodaba; agora, tan próximas a unha da outra, percibiu a mirada da muller a esculcar no seu rostro, táctil e hipnótica. Sentiuse desprotexida, como se os

seus pensamentos máis soterrados aflorasen á superficie e a deixasen espida. E, ademais, que lle importaba a aquela descoñecida se se sentía ben ou mal? Se era ou non feliz? A que viñan tantas confianza? Baixou a cabeza e mantívose en silencio, decidida a protexer a súa intimidade, igual que a tartaruga que se recolle baixo a cuncha. E, por suposto, nin falar de Nico. Ese *si* que era o seu segredo.

- Ai, pero que comportamento tan torpe, Nerea! Comprendo que non queiras dirixirme a palabra... os meus pésimos modais non admiten desculpa. Nin sequera tiven a xentileza de che confesar o meu nome... Rogo que me perdoes! Chámome Petronila. Habito *aquí* desde hai moitos, moitos anos... e eu tamén, de moza, deixei caer unha moeda no pozo dun xardín para me liberar dun matrimonio imposto pola forza do costume, e non pola escolla do libre albedrío...

Tronou de novo sobre os lousados. Aínda que se sentía algo máis espelida que antes, custáballe seguir o fío dun discurso ateigado de expresións tan reviradas como as inscricións latinas das pedras do claustro. E aquel nome que nunca antes escoitara... a pesar da súa extravagancia, cadraba ben co porte distinguido da señora, que parecía saído da pátina dun óleo antigo.

- Verás, ti es moi nova, pero por sorte estás a medrar nun entorno onde tes a oportunidade de escoller o camiño que máis che preste, aínda que corras o risco de te equivocar. Ou polo menos,

dentro de pouco has tomar unha chea de decisións por ti mesma, sen ter que lle solicitar permiso a un pai, a un irmán, a un marido. Sei do que falo. Eu, á túa idade, non podía soñar nin sequera con ir á universidade, ou con vestir pantalóns en troques de saia, ou con confesarlle a un mozo que devecía por bicalo, pois calquera exhibición pública das miñas ideas ou emocións, por moi razoables que fosen, resultaba francamente *indecorosa*. E iso que eu fun sempre unha privilexiada, unha desas raparigas de boa familia, con piano no salón e clases de francés polas tardes... Pero aos dezaseis anos xa sabía cal era o meu destino. Un matrimonio de comenencia co fillo dun notario, unha oportunidade para elevar o prestixio da familia... aínda que o meu corazón permanecese conxelado cada vez que se anunciaba o sagrado nome do meu prometido. Pero iso, que relevancia tiña? A boa sociedade impuña as súas normas e había que aceptalas con devota resignación... Iso predicaban as nosas nais, pretendendo poñernos a salvo dos rumores dos faladoiros... pero eu xurei que nunca chegaría a casar con ningún home que gobernase a miña vida. E por iso, con oracións pagás, invoquei o meu destino a través dunha moeda de prata. E, con sangue dos meus pulsos, selei un pauto de soidade sobre a boca dun pozo. E aquel marido, que me estaba predestinado, enfermou de tuberculose uns meses antes da data fixada para a voda. E os lirios adornaron a lápida do seu mausoleo, e non o noso leito nupcial. E fiquei

soa para sempre, nunha maldición secretamente procurada. Unha *solteirona*...

De súpeto, Petronila calou, ensumida nas súas propias cavilacións. Un lixeiro movemento do corpo fixo que o seu rostro, case transparente, retornase á penumbra. E ao enmudecer aquela voz estrañamente evocadora, Nerea percibiu de golpe toda a carraxe da tormenta, a descargar ballóns de auga sobre as cubertas do museo. Por uns instantes, sentiuse transportada a outra dimensión, sen datas nin calendarios, onde as fronteiras do tempo e do espazo ficaran abolidas por mor dun inexplicable feitizo.

- Escoita, Nerea, sei o que che acontece, os teus ollos non saben ocultalo... O mundo evoluciona moi axiña, máis axiña do que alguén coma min puidese nunca ter imaxinado, pero a experiencia do primeiro amor segue a ser tan confusa como cando eu era nova, ateigada de temores que nos enturban o sono. Pero aínda que che pareza mentira, coido que te podes considerar afortunada, pois o teu destino é unha páxina en branco. Si, comprendo o teu desacougo, mais as tormentas xuvenís logo pasan e axiña escampa. Atende... foxe de calquera gaiola de cristal na que te pretendan encerrar. A resignación é a peor das condenas. Moitas, antes ca ti, padecemos ese temor, e ficamos atrapadas nun retrato inexpresivo, nun cadro que nos converteu en musas e nos roubou o alento. Pero ti... estás tan chea de vida! Toma... permite que

che ofrezas esta moeda como amuleto. Garda un poder que non es quen de imaxinar. Se cadra resulta favorable... ou se cadra non. Terás que comprobalo por ti mesma.

Antes de que Nerea acerte a responder, as mans de Petronila, de veas azuladas e tacto de porcelana, rodean as súas, obrigándoa a fechar o puño dereito arredor dunha moeda de prata, se cadra un deses denarios que se exhiben como alfaias nas vitrinas do museo. Metal que invoca os fastos do imperio: bustos, cuadrigas, loureiros de gloria. Metal menos xélido que os dedos de Petronila. Un instrumento do destino que agarda ser invocado para unha liturxia sen templos. Fóra, segue a tronar sobre a cidade milenaria.

- Vai sendo hora de que volva *cos meus*... Eles xa apenas padecen nin gozan... nin sequera che poden asegurar que lembren a calor dunha aperta ou o sabor dun amorodo entre os

labios. Mais se algún día decides regresar a esta casa, concédelles uns minutos de atención aos retratos da sala de arriba... non sabes canto agradecen o alento dos vivos, o vibrar dunha voz humana, un sorriso... prégocho, detén o paso, observa os seus rostros... se cadra nalgún deles existe aínda unha historia que mereza ser lembrada.... *Adeus, Nerea, oxalá nunca coñezas as fauces da dor*... E agora, permite que te abandone sen demorar o teu regreso...

Xira o cuarto e a mente entra en desequilibrio. Nun instante, xa non existen os muros da cociña, nin o banco na lareira, nin a cheminea

de cachotería. Todo retrocede ata unha escena xa vivida, no ciclo mortal dos reloxos: o patio do claustro, o móbil na cazadora, o estrondo da tronada... Nerea percibe o cabelo mollado, o cheiro a humidade, as pucharcas no lousado... e tamén como os seus dedos sosteñen aínda a moeda sobre o círculo sagrado do pozo. *SONET SILENT*. Unha ladaíña que só ela é quen de percibir, un murmurio en latín que fai eco no cerebro, posuíndoa.

Mais a moeda entre o polgar e o furabolos xa non é o euro que extraera do moedeiro, senón un denario co perfil dun emperador laureado. E por fin comprende o rito, a fórmula que esixe ser pronunciada, mentres fai sangrar adrede a xema dos dedos, rozándoos unha e outra vez contra as arestas da pedra. O móbil miaña como un gato irritado. *Tía, xa che vale, estás a pasarte! Contesta dunha vez! Non me poñas de mala hostia!*

Sangue e prata. Auga profunda que esixe o pago da ofrenda. E a voz enérxica de Nerea que non dubida cando salmodia un esconxuro que abrolla irremediable desde as catacumbas do inconsciente: *Nico extra vitae meae, ego volo ab bodierno usque ad aeternum.*<sup>1</sup>

A moeda cae. O móbil enmudece. E o paxaro foxe por fin dunha gaiola invisible.

---

<sup>1</sup>/ Ouero que Nico, desde hoxe e para sempre, desapareza da miña vida.





## Noticias dos autores

### **Ledicia Costas** (Vigo, 1979).

Os primeiros sete anos da miña vida crieime nun curioso barrio vigués da parroquia de Lavadores chamado Brea Muiñeira. Viviamos nunha bufarda pequena e modesta, mais chea de vida e agarimo. Miña nai encargábase de enchelo todo de plantas e flores para que nos invadíse o cheiro a vida. Deses primeiros anos lembro, sobre todo, as plantas. Sempre as plantas. Os sete anos seguintes, vivín nunha casa grande no medio e medio dun monte, no outro extremo da cidade de Vigo. Nesa época empecei a ocupar a soidade das horas con libros. Moitas tardes pasei no monte devorando páxinas, coa banda sonora do cri-cri dos grilos de fondo. Foi nese período cando comecei a escribir. Como se todo o que lía me alentase a crear as miñas propias historias. Con 13 anos chegou a casa o primeiro ordenador. Un *Macintosh SE*. O meu pai conseguíume un programa para aprender mecanografía e estiven horas teclando ata conseguir que os meus dedos voasen polo teclado. No ano 1993 escribín o meu primeiro libro naquel *Mac* que me roubaba tantas tardes. Cando cumprín 14 anos, como se os meus ciclos vitais estivesen asociados ao número sete, regresamos á Brea Muiñeira. E nesa nova etapa descubrín os segredos e curiosidades deste barrio que ás veces creo que é pura ciencia ficción. Na Brea Muiñeira escribín moitos libros. Algúns deles sendo alumna de instituto, como *Unha estrela no vento*. Outros libros meus para rapazada son: *O corazón de Xúpiter*, *Recinto Gris* ou *Escarlatina, a cocíneira defunta* (Edicións Xerais). Ademais de escritora tamén son licenciada en dereito. Matriculeime nesa carreira sen comprender por que non existía a de escritora. Non entendía por que, querendo dedicarme a escribir, non podía ter acceso a unha formación específica. Así que me dediquei a estudar leis e a papir libros sen parar, para aprender do que escribían os outros. Agora xa non vivo na Brea Muiñeira. Vivo no barrio de Navia. Este lugar tamén parece de ficción. É por iso, que ás veces penso que son eu a que leva a fantasía aos lugares, e non ao revés.

### **Anxo Fariña** (Vigo, 1977)

Nacín en Vigo, unha cidade bañada polo océano Atlántico en cuxa Ría repousan as Illas Cíes. Paradoxalmente, aprendín a camiñar moi lonxe de alí, a máis de dous mil metros de altura nos Pirineos. Hiperactivo, soñador, inquieto... ilustrei o meu primeiro libro con once anos. Con catorce anos tiven que poñerme a traballar, mais seguí estudando para acadar o meu soño e chegar á universidade para facer Belas Artes. Neses anos, fun traballador vertical, montador de espectáculos, monitor de campamentos, profesor de patinaxe,

profesor de pintura, guía de montaña e axudante nun centro de acollida de menores. Este último traballo cambiou para sempre o meu xeito de ver a vida, pois alí aprendín que as miñas historias podían facer felices aos demais, incluso a aqueles nenos con tantos problemas. Antes de rematar a carreira, comecei a colaborar cunha axencia de publicidade e pouco tempo despois publiquei o meu primeiro álbum como escritor e ilustrador.

Cincuenta e dous libros escritos despois (entre eles a famosa saga dos *Megatoxos*), teño viaxado por medio mundo, escalei unha chea de paredes e montañas, gañei algúns premios como o Merlín ou o Frei Martín Sarmiento pola *Chave da Atlántida*, desenvolvín teorías sobre a creatividade, deseñei proxectos nos que participaron milleiros de escolares e din moitas, moitas, charlas e conferencias.

Inspírame a vida e estar sempre en movemento. Gústame escribir mentres tomo un bo café, correr, o deseño, aprender, ler, os reloxos, a montaña e debuxar con música de Frank Sinatra.

#### **Noemí López** (Lugo, 22 de novembro de 1974)

Vivín case sempre en Lugo onde me formei e comecei o meu camiño como ilustradora, paixón que teño dende moi cativa xa que era o medio a través do que mellor me expresaba para compartir historias e sempre adorei as lendas e os contos. Comecei facendo ilustracións para distintos medios e soportes (cartelismo, xornais, revistas...) para ir pouco a pouco entrando no mundo da literatura educativa e de ficción acompañada sempre, por sorte de escritores excelentes de Lugo e doutros lugares de Galiza. E, seguindo camiño, topei tamén co cine animado, onde me formei e traballei coma debuxante de animación un tempo. Como apaixonada da literatura infantil e xuvenil, participo dende fai mais de vinte anos en exposicións colectivas de ilustradores, e impartindo obradoiros e cursos de ilustración en bibliotecas, salóns, e feiras de libro.

Procuro ser, en defniva, unha boa transmisora de historias e emocións, a través destes mundos de papel.

#### **Andrea Maceiras** (A Coruña, 1987)

É filóloga galega e hispánica e escritora de literatura infantil e xuvenil. A súa primeira novela, *Proxecto bolboreta*, foi publicada en Xerais no ano 2007 como obra gañadora do I Certame de Micronovela do Concello de Soutomaior. No 2010 gaña o premio Meiga Moira coa súa obra *Violeta tamurana* (Baía Edicións). En 2012 publica *O segredo do lagarto arnal* (Baía Edicións). Coa súa obra *Nubes de evolución* (Xerais, 2013) obtivo o Premio Fervenzas Literarias 2014.

En 2014 publica *Volverás, golfiño* (Xerais), obra finalista do Premio Merlín e obtén o Premio Meiga Moira por *Miña querida Sberezade* (Baía Edicións). En 2015 gaña o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil pola súa obra *Europa Express* (Xerais).

#### **Carlos Negro** (Lalín, 1970)

Na actualidade, exerzo de modo simultáneo tres labores tan gratificantes como enguedellados: pai, profesor e poeta. Considérome afortunado de poder desempeñalos con entusiasmo e ganas de aprender, aínda que os anos van pasando por un, e as enerxías non sempre chegan a onde un quixera. En relación á poesía, cometín o atrevemento de escribir dúas obras enfocadas especialmente á xente nova, nesa etapa de tránsito entre a adolescencia e a idade adulta. Con *Makinaria* (2009) e *Penúltimas tendencias* (2014) vou percorrendo, como un vendedor ambulante, os centros de ensino de toda Galicia, a desmontar tópicos e prexuízos arredor da experiencia lectora co xénero poético. Teño feito menos incursións no ámbito da narrativa, mais, como lector, son fanático dos contos de medo e misterio, especialmente dos relatos de pantasmas. E, ás veces, sen saber como, abrolla do meu interior un demo burlón e retranqueiro, o que explica experimentos literarios como o dicionario satírico *Abelcebú* (2010).



## ***Índice***

<b>Presentación</b>	<b>6</b>
Encarnación Lago González	10
<b>Rutas literarias polo museo</b>	<b>12</b>
Departamento de Didáctica	14
<b>A maldición do carneiro alado</b>	<b>17</b>
Ledicia Costas	16
<b>A esperanza do maldito</b>	<b>45</b>
Anxo Fariña	44
<b>Astrágalo</b>	71
Andrea Maceiras	70
<b>O paxaro na gaiola</b>	<b>95</b>
Carlos Negro	94
<b>Noticia dos autores</b>	<b>112</b>

*2016*  
*Contos de fantasmas no museo*  
rematouse de imprimir no  
mes de outubro de 2016,  
coincidindo coas festas  
outonais do San Froilán,  
patrón da cidade de Lugo.